

2025

**MEMORIA
DE ACTIVIDADES
DO CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS**



**CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS**


EDITA

**CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS**

Algalia de Abaixo, 24
Tel.: 981 541 601
E-mail: info.cgri@xunta.gal
Santiago de Compostela

ISSN

2386-9186 (edición electrónica)



2025

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

O Pleno do Consello Galego de Relacións Laborais, en xuntanza ordinaria do 17 de abril de 2026, aprobou, por unanimidade, a Memoria de actividades correspondente ao exercicio 2025.

Esta publicación recolle integramente o texto da dita memoria.

Cristina Fabeiro Varela
Secretaria CGRL



**CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS**




Índice

LIMIAR	7
O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	11
Regulación e natureza xurídica	13
Competencias	13
Composición	14
Estrutura orgánica e funcionamento	15
Persoal do CGRL	15
PLENOS E PERMANENTES EN 2025	17
O pleno	19
A comisión permanente	20
EMISIÓN DE DITAMES	23
Emisión de ditames	25
Relación de ditames emitidos 2025	27
FOMENTO E PROMOCIÓN DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA	33
Actividade da área de negociación colectiva	35
Participación do CGRL na negociación colectiva	36
ÓRGANOS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA	39
Observatorio galego da negociación colectiva	41
Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva (CCAINC)	42
Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos	43
SOLUCIÓN AUTÓNOMA DE CONFLICTOS: XESTIÓN DO AGA	45
Que é o AGA?	47
Para que serve o AGA?	48
Que procedementos se ofrecen?	49
Por que acudir ao AGA?	49
Actividade do AGA en 2025	50
A PROMOCIÓN DO DEBATE SOCIAL	55
XXI Encontro Galego de Relacións Laborais	57
Cursos, xornadas, seminarios e outras actuacións formativas	66
Publicacións periódicas e estudos	76
ACTIVIDADES DE REPRESENTACIÓN E DIFUSIÓN DO LABOR DO CGRL	81
AS REDES SOCIAIS DO CGRL	89
ORZAMENTO DO CGRL	95

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

20 25





LIMIAR

Como institución pública ao servizo da sociedade galega, o Consello Galego de Relacións Laborais exerce as súas funcións con rigor, responsabilidade e vocación de utilidade social. Esa responsabilidade implica tamén render contas con transparencia da actividade desenvolvida e dos resultados acadados. A memoria anual que presentamos recolle o labor realizado ao longo de 2025, un exercicio marcado de maneira especial pola consolidación do proceso de dixitalización do Consello, pola adaptación da negociación colectiva a novos riscos —tecnolóxicos, organizativos e climáticos— e polo reforzo de instrumentos destinados a garantir un diálogo social moderno, eficaz e capaz de anticiparse aos cambios no mundo do traballo.

Un ano máis, o Consello erixiuse en referencia: un espazo ao que se acode tanto nos momentos de conflito como cando xorde a oportunidade de construír avances desde o diálogo e a concertación.

Neste contexto, o Acordo Interprofesional Galego para a Solución Extraxudicial de Conflitos de Traballo (AGA) segue consolidado como instrumento indispensable para a estabilidade laboral na nosa comunidade. Mais este ano deu tamén un paso cualitativo coa aprobación da Guía de boas prácticas na mediación laboral, froito dun profundo traballo de consenso dos axentes sociais e expresión da madurez do noso modelo autónomo de solución de conflitos. Cómpre salientar que moitas das prácticas aquí recollidas son o resultado dunha xornada de análise, debate e reflexión compartida, na que participaron activamente persoas mediadoras con ampla experiencia. Con ela, o Consello reforza a seguridade xurídica, a calidade técnica das intervencións e a confianza das partes no sistema.

Pero o noso traballo abrangue moito máis que a mediación.

As intervencións do Observatorio Galego da Negociación Colectiva e da Comisión Consultiva Autónoma para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva continúan a ser chave para lograr —sempre mediante a aplicación de criterios acordados polos axentes sociais— unha negociación colectiva máis eficaz, inclusiva e adaptada aos novos desafíos produtivos e sociais. Neste exercicio, ademais, o Observatorio deu un paso cualitativo coa elaboración e aprobación de dous instrumentos de especial relevancia práctica: o Protocolo de desconexión dixital na negociación colectiva, orientado a garantir un uso equilibrado das tecnoloxías e a protección efectiva do tempo de descanso, e o Protocolo de actuación fronte a ca-



tástrofes e fenómenos meteorolóxicos adversos, concibido como marco de referencia para incorporar nos convenios colectivos medidas preventivas, procedementos de activación e cláusulas de protección das persoas traballadoras ante situacións climáticas extremas. Ambos textos reforzan a capacidade da negociación colectiva galega para anticiparse aos riscos emerxentes e ofrecer respostas estruturadas desde o consenso.

Na mesma liña, o Comité de ditames reafirma a súa importancia, garantindo que a normativa autonómica con incidencia laboral responda ás necesidades sociais e respecte os valores de rigor, diálogo e consenso.

No ámbito do coñecemento e da análise, o Consello intensificou a súa función como centro de referencia técnico en Galicia. Xunto á publicación do Informe sobre a situación sociolaboral e aos boletíns estatísticos e de negociación colectiva, cómpre salientar este ano a publicación do Informe sobre a dixitalización da negociación colectiva en Galicia elaborado por persoal investigador da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade de León, que examina a totalidade dos convenios colectivos sectoriais autonómicos e provinciais en vigor na comunidade autónoma e permite identificar tendencias, oportunidades e retos nun proceso chamado a transformar profundamente as dinámicas negociadoras. A modernización das relacións laborais require información rigorosa, e ese é o compromiso que asumimos.

A nosa aposta decidida pola formación deu tamén un paso decisivo. En colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, puxemos en marcha o I Ciclo formativo para negociadores de convenios colectivos, estruturado a través do sistema de microcredenciais. Trátase dunha iniciativa innovadora que profesionaliza a negociación colectiva, fortalece as capacidades técnicas das persoas negociadoras e contribúe a elevar a calidade dos acordos alcanzados no noso ámbito autonómico.

Con todo, se algo definiu de maneira transversal o 2025 foi a culminación do proceso de transformación dixital do Consello. A posta en funcionamento da nova páxina web institucional supón moito máis que unha renovación estética: constitúe unha ferramenta estratéxica ao servizo da transparencia, da accesibilidade e da utilidade pública. Especial relevancia ten o novo buscador de convenios colectivos, deseñado para facilitar consultas áxiles, completas e sistematizadas, converténdose nun recurso de referencia para empresas, persoas traballadoras, profesionais do dereito e axentes sociais. Con esta infraestrutura dixital, o Consello reforza a súa vocación de servizo e consolídase como nodo central de información laboral en Galicia.

Así mesmo, intensificamos a conexión coas entidades que exercen competencias análogas a nivel estatal e noutras comunidades autónomas, fortalecendo redes de cooperación institucional e intercambiando boas prácticas que enriquecen o noso modelo. Froito desta dinámica de colaboración tivo lugar o pasado 12 de xuño a xornada sobre mediación intraxudicial, un espazo de análise compartida no que se abordaron as sinerxías entre a solución autónoma de conflitos e o ámbito xudicial.

Como corolario de todas estas actividades, celebramos unha nova edición do Encontro Galego de Relacións Laborais en Vilagarcía de Arousa, asentado como foro ineludible para a posta en común e a formulación de conclusións sobre as cuestións máis candentes en materia laboral.

En definitiva, grazas ás persoas que nos antecederon, ás organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia que integran o organismo, así como ao esforzo da súa secretaria xeral e do equipo de funcionarias e funcionarios, o Consello Galego de Relacións Laborais non é un espectador pasivo dos cambios no mundo do traballo, senón unha institución de confianza á que se recorre para anticipar retos, superar crises e tecer os acordos duradeiros que materializan eses cambios.


No diálogo, na responsabilidade compartida e na busca constante de solucións atópase a nosa forza. Grazas a todas as persoas e entidades que neste ano contribuíron a facela medrar.

Antía Sández Callejo

Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

20 25



O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

REGULACIÓN E NATUREZA XURÍDICA

COMPETENCIAS

COMPOSICIÓN

ESTRUTURA E FUNCIONAMENTO

PERSOAL DO CGRL



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

REGULACIÓN E NATUREZA XURÍDICA

O Consello Galego de Relacións Laborais (en diante, CGRL) foi creado pola Lei 7/1988, do 12 de xullo, e a súa primeira reunión realizouse en febreiro de 1989, en Santiago de Compostela, onde continúa a ter a súa sede.

Na actualidade, está regulado pola Lei 5/2008, do 23 de maio, publicada no DOG do 11 de xullo que, en resposta ás demandas das entidades recoñecidas como interlocutoras sociais, modificou a súa natureza, dotándoo de personalidade xurídica e patrimonio de seu, con plena autonomía funcional para acadar os seus fins. O seu regulamento interno de organización e funcionamento aprobouse pola Resolución da Presidencia do CGRL do 23 de outubro de 2008, publicada no DOG do 13 de novembro de 2008.

O CGRL é un ente público de composición bipartita, único foro propio de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais en Galicia. É o órgano consultivo e asesor da Xunta en materia laboral. Así mesmo, xoga un papel fundamental na promoción da negociación colectiva en todos os ámbitos e sectores, e na solución dos conflitos colectivos tanto directamente como na xestión e divulgación do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA).

A neutralidade e independencia inherentes á súa natureza e ás súas funcións reflíctense mesmo na necesaria conformidade das organizacións sindicais e empresariais que integran o Pleno para o nomeamento de altos cargos do organismo.

O CGRL está adscrito organicamente á consellería competente en materia de traballo, na actualidade a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

COMPETENCIAS

As competencias do CGRL veñen reguladas no artigo 3 da súa lei reguladora e no artigo 10 do seu regulamento interno. Abranguen catro áreas principais:

- **Consultiva:** Emisión de ditames en relación a calquera proxecto normativo da Xunta de Galicia en materia laboral.
- **Fomento, promoción e ampliación da negociación colectiva galega:** O CGRL é a sede da maioría das comisións paritarias dos convenios colectivos sectoriais autonómicos e ten unha intervención activa na negociación colectiva neste ámbito.
- **Xestión do sistema de solución autónoma de conflitos laborais:** Tramitación e promoción dos procedementos de mediación e arbitraje regulados no AGA.
- **Promoción do debate social:**
 - > Formación e divulgación de materias relacionadas co eido laboral, a través da realización anual e periódica de xornadas abertas ao público nas principais cidades galegas, así como de cursos e seminarios para cadros sindicais e empresariais.
 - > Edición de publicacións en materia laboral, de carácter regular (*Revista Galega de Dereito Social*, Boletíns sobre a situación da negociación colectiva galega, Informe sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma de Galicia...) ou derivadas do traballo dos distintos órganos colexiados do CGRL (estudos, guías de boas prácticas...).



COMPOSICIÓN

Segundo a súa normativa reguladora, o CGRL está integrado pola Presidencia, a Secretaría e catorce conselleiras e conselleiros, en representación das organizacións sindicais e empresariais que teñan a condición de máis representativas en Galicia.

En 2025, a súa composición foi a seguinte:

PRESIDENTA Antía Sández Callejo

SECRETARIA Cristina Fabeiro Varela

CONSELLEIRAS E CONSELLEIROS

POLA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)

Titulares

Francisco Xavier González Sio

Lucía Freire Ces (ata o 8 de xullo de 2025)

Miguel Anxo Malvido Cabirto (ata o 8 de xullo de 2025)

María Xosé Alonso Rodríguez (desde o 8 de xullo de 2025)

Margarida Corral Sánchez (desde o 8 de xullo de 2025)

Suplentes

Susana Méndez Rodríguez

Margarida Corral Sánchez (ata o 8 de xullo de 2025)

Antonio Mera de la Fuente (ata o 8 de xullo de 2025)

Lucía Freire Ces (desde o 8 de xullo de 2025)

Óliver Álvarez Barranco (desde o 8 de xullo de 2025)

POLA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES DE GALICIA (UGT-GALICIA)

Titulares

José Carlos Rodríguez del Río

Mar Martín González (ata o 27 de marzo de 2025)

Cristina Calvo Espasandín (desde o 27 de marzo de 2025)

Suplentes

Trinidad Campos Rodríguez

Juan Manuel Loureiro Taibo

POLO SINDICATO NACIONAL DE COMISSIONS OBREIRAS DE GALICIA (SN DE CCOO DE GALICIA)

Titulares

Maica Bouza Seoane

Xesús Castro Baamonde

Suplentes

Armando Iglesias Rodríguez

Carmen Adela Sabio Sanz

POLA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA (CEG)

Titulares

José Carlos García Cumpido

Enrique Miguel Mallón Otero

Javier Martínez López

Jaime Pereira Novoa

Marina Graña Bermúdez

Javier Touza Touza

Luis Lamas Novo (ata o 27 de marzo de 2025)

Luis Abelleira Mayor (desde o 27 de marzo de 2025)

Suplentes

M.^a del Mar Barreiro Mariño

Beatriz Regos Concha

Álvaro Hinrichs Álvarez

José Manuel Maceira Blanco

María José de Miguel Pérez

José Antonio Neira Cortés

Luis Abelleira Mayor (ata o 27 de marzo de 2025)

Guadalupe Hervera Iglesias (desde o 27 de marzo de 2025)

ESTRUTURA ORGÁNICA E FUNCIONAMENTO

De acordo coa normativa reguladora o CGRL, para o exercicio das súas funcións, actúa a través dos seguintes órganos:



PERSOAL DO CGRL


De acordo co artigo 14 da súa lei reguladora, o persoal ao servizo do CGRL poderá ser funcionario ou laboral, segundo o establecido na correspondente relación de postos de traballo, e rexerese pola normativa da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de persoal ao servizo da Administración pública. Actualmente, o persoal do organismo é exclusivamente persoal funcionario.

A unidade administrativa é a Secretaría Xeral, que agrupa as seguintes áreas:

- 1 Área Xurídica e de Solución de Conflictos.** Ten asignada como función principal a de apoio á secretaría na análise da normativa estatal e autonómica que incida nas funcións do CGRL e na elaboración de informes sobre proxectos normativos sometidos a ditame, así como a de xestionar a tramitación dos expedientes de mediación e arbitraje que se inicien ao abeiro do AGA.
- 2 Área de Negociación Colectiva.** Ten encomendada a xestión da base de datos de negociación colectiva e o seguimento puntual dos contidos dos convenios colectivos e revisións salariais negociadas, a elaboración periódica de informes sobre a negociación colectiva en Galicia e as funcións relacionadas coa promoción e fomento da negociación colectiva (apoio ás comisións paritarias e negociadoras de distintos ámbitos e sectores).
- 3 Área de Estudos, Informes e Publicacións.** Asume as funcións de elaboración e coordinación dos estudos e informes que se realizan a iniciativa propia, das publicacións periódicas que edita o CGRL e as funcións de xestión do seu portal web e redes sociais.
- 4 Área de Xestión de Persoal, Administración e Xestión Económica.** Ten encomendada a xestión de persoal, a administración do organismo e a contratación e servizos de mantemento, así como o seguimento e control do orzamento do CGRL e a xestión económica e contable. Tamén é a encargada da organización de cursos, seminarios e encontros de debate social.
- 5 Área de Documentación e Arquivo.** Xestiona a documentación técnica, as bases de datos documentais e o arquivo documental e fondo bibliográfico do CGRL.

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

20 25



PLENOS E PERMANENTES EN 2025

O PLENO

A COMISIÓN PERMANENTE



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS



Xuntanza do Pleno de data 21 de xullo de 2025.



Última xuntanza do Pleno do ano, celebrada en Allariz o 18 de decembro.

O PLENO

O Pleno constitúe o máximo órgano de decisión do organismo e ten as funcións especificadas no artigo 3 da súa lei reguladora. O seu funcionamento vén recollido no artigo 7 da lei e nos artigos 10 e 11 do regulamento interno de funcionamento.

En 2025 realizáronse cinco plenos, nos que se adoptaron as decisións necesarias para o normal funcionamento do CGRL:

Ordinario: 13 de febreiro de 2025 (1/2025)

- Aprobación da proposta de actividades ordinarias do CGRL para o ano 2025.
- Aprobación da Recomendación para a negociación colectiva en 2025.

Ordinario: 11 de abril de 2025 (2/2025)

- Aprobación da Memoria de actividades do CGRL no ano 2024.
- Aprobación da proposta de indemnizacións ás organizacións para o ano 2025.
- Aprobación da memoria e contas anuais do CGRL en 2024.

Ordinario: 21 de xullo de 2025 (3/2025)

- Aprobación do anteproxecto de orzamento do CGRL para o ano 2026.
- Aprobación do programa do XXI Encontro Galego de Relacións Laborais.

Ordinario: 27 de outubro de 2025 (4/2025)

- Aprobación do Informe sobre a situación sociolaboral en Galicia no ano 2024.
- Aprobación do Informe sobre a dixitalización nos convenios colectivos de sector galegos.

Ordinario: 18 de decembro de 2025 (5/2025)

- Aprobación do balance de actividades ordinarias aprobadas para a súa realización en 2025.



A COMISIÓN PERMANENTE

A Comisión Permanente é o órgano de xestión e dirección operativa do CGRL. Está integrada por seis representantes do Pleno -tres polas organizacións empresariais e tres polas organizacións sindicais- máis as persoas titulares da Presidencia e da Secretaría do organismo.

Este órgano réunese de modo ordinario unha vez ao mes, e de modo extraordinario cantas veces sexa convocado pola presidencia do CGRL, por iniciativa propia ou a petición da maioría absoluta das persoas membros da representación empresarial ou sindical.

As súas competencias están reguladas no artigo 8 da Lei reguladora do CGRL e no artigo 12 do regulamento interno: confeccionar a orde do día das xuntanzas plenarias, elaborar estudos sobre propostas de creación de comisións de traballo, elaborar o orzamento correspondente para cada exercicio, emitir informe para a extensión dos convenios colectivos nos termos establecidos no artigo 7 do Rd 718/2005 e pechar a proposta de planificación de actividades do CGRL, entre outras.

En 2025 a Comisión Permanente reuniuse en 10 ocasións. Do esencial do tratado nestas reunións dáse sucinta conta deseguido:

Ordinaria: 29 de xaneiro de 2025 (1/2025)

- Proposta de actividades ordinarias do CGRL para o ano 2025.

Ordinaria: 13 de febreiro de 2025 (2/2025)

- Toma en consideración da proposta de actividades ordinarias do CGRL para o ano 2025.
- Toma en consideración da Recomendación para a negociación colectiva en 2025.

Ordinaria: 31 de marzo de 2025 (3/2025)

- Toma en consideración da Memoria de actividades do CGRL no ano 2024.
- Toma en consideración da proposta de indemnizacións ás organizacións para o ano 2025.
- Toma en consideración das contas anuais do exercicio 2024.

Ordinaria: 24 de abril de 2025 (4/2025)

- Xuntanza coa Comisión de dereitos lingüísticos para a actualización do Plan Xeral de Normalización da lingua galega.

Ordinaria: 28 de maio de 2025 (5/2025)

- Avances na organización do XXI Encontro Galego de Relacións Laborais.

Ordinaria: 25 de xuño de 2025 (6/2025)

- Avances na organización do XXI Encontro Galego de Relacións Laborais.

Ordinaria: 15 de xullo de 2025 (7/2025)

- Toma en consideración do Programa do XXI Encontro Galego de Relacións Laborais.
- Toma en consideración do anteproxecto de orzamento do CGRL para o ano 2026.

Ordinaria: 23 de setembro de 2025 (8/2025)

- Toma en consideración do Informe sobre a dixitalización nos convenios colectivos de sector galegos.

Ordinaria: 27 de outubro de 2025 (9/2025)

- Avances na organización do XXI Encontro Galego de Relacións Laborais.
- Toma en consideración do Informe sobre a situación sociolaboral en Galicia no ano 2024.

Ordinaria: 10 de decembro de 2025 (10/2025)


- Valoración do XXI Encontro Galego de Relacións Laborais.
- Balance de actividades ordinarias aprobadas para a súa realización en 2025.



Xuntanza da Comisión Permanente de data 14 de febreiro de 2025

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

20 25



EMISIÓN DE DITAMES

EMISIÓN DE DITAMES

RELACIÓN DE DITAMES EMITIDOS 2025



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

EMISIÓN DE DITAMES

O artigo 3.2b) da súa lei reguladora establece como unha das funcións do CGRL a de emitir, con carácter preceptivo e non vinculante, ditame sobre os proxectos normativos dos organismos e departamentos da Administración autonómica e doutras institucións da Comunidade Autónoma de Galicia en materia laboral.

Para o cumprimento desta función creouse en 1991 o Comité Delegado do Pleno para a emisión de ditames, composto polas persoas titulares da presidencia e da secretaria do CGRL (ou quen as substitúa) e por seis persoas membros do Pleno, tres en representación das organizacións sindicais e tres en representación das organizacións empresariais.

A nova normativa reguladora configura este comité como un órgano colexiado, que garante a eficacia e axilidade na emisión de ditames. O seu funcionamento segue as normas previstas no anexo ao regulamento interno de organización e funcionamento do organismo.

Cada ano, a área xurídica do CGRL realiza ademais un seguimento dos informes motivados remitidos pola Consellería, nos que se dá conta das consideracións manifestadas polas organizacións sindicais e empresarial recollidas no ditame que serán tidas en conta e introducidas no texto definitivo do proxecto normativo, así como daquelas que non son aceptadas.

O texto completo destes ditames pode consultarse na web do CGRL: [Ditames 2025](#).

Durante o ano 2025 foron obxecto de ditame 38 proxectos normativos (33 proxectos de orde, catro proxectos de decreto e un anteprojecto de lei).

O número total de xuntanzas do Comité delegado polo Pleno para a emisión de ditames ao longo do ano 2025 ascende a un total de 19.

O anteprojecto de Lei de cooperativas de Galicia (Ditame 18/2025) e o Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2026 (Ditame 38/2025) aínda non foron obxecto de publicación no DOG, polo que as consideracións neles contidas non se teñen en conta na elaboración das seguintes estatísticas.

Sobre os 38 proxectos que se teñen en conta, emitíronse un total de 353 consideracións unánimes, das cales 85 foron de carácter xeral e 268 de carácter específico.

Ademais, emitíronse 10 consideracións que non procede valorar como aceptadas ou non aceptadas, xa que ou ben teñen un carácter declarativo ou ben indican especificamente que se trata de propostas a valorar en vindeiras convocatorias.

Das consideracións xerais, 37 emitíronse sobre cuestións de fondo e 48 sobre aspectos formais da norma.

Das 37 consideracións de fondo, foron aceptadas 11 (o 29,73%) e das 48 consideracións formais foron parcialmente aceptadas 17 (o 35,42%).



CONSIDERACIÓNS XERAIS					
	Aceptadas		Non aceptadas		Total
De fondo	11	29,73%	26	70,27%	37
Formais	17	35,42%	31	64,58%	48

Das 268 consideracións específicas, emitíronse 254 sobre cuestións de fondo e 14 sobre aspectos formais da norma.

Das 254 consideracións de fondo, foron aceptadas ou parcialmente aceptadas 53 (o 20,87%) mentres que das 14 consideracións formais foron aceptadas un total de 10 (o 71,43%).

CONSIDERACIÓNS ESPECÍFICAS					
	Aceptadas		Non aceptadas		Total
De fondo	53	20,87%	201	79,13%	254
Formais	10	71,43%	4	28,57%	14

Achégase, a continuación, un cadro que recolle as porcentaxes de consideracións unánimes aceptadas (incluídas as parcialmente aceptadas) nos anos 2022 a 2025.

CONSIDERACIÓNS ACEPTADAS. ANOS 2022-2025				
	CONSIDERACIÓNS DE FONDO		CONSIDERACIÓNS DE CARÁCTER FORMAL	
	Xerais	Específ.	Xerais	Específ.
Ano 2022	16,60%	16,90%	42,50%	72,20%
Ano 2023	20%	14,00%	28%	33,00%
Ano 2024	8,60%	13,20%	14,30%	37,50%
Ano 2025	29,73%	20,87%	35,42%	71,43%

RELACIÓN DE DITAMES EMITIDOS 2025

DITAME	DENOMINACIÓN	DATA EMISIÓN	DATA PUBLICACIÓN DOG
1.25	Proxecto de Orde pola que se regula o procedemento de autorización para a impartición de accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C, e competencias clave, non financiadas con fondos públicos.	29 de xaneiro	14.05.25
2.25	Proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 70/2008, do 27 de marzo, sobre distribución de competencias entre os órganos da Administración autonómica galega para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector.	29 de xaneiro	14.05.25
3.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025.	19 de febreiro	13.03.25
4.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais e se procede a súa convocatoria para a anualidade 2025.	19 de marzo	10.06.25
5.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.	19 de marzo	15.04.25
6.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas Bonos Talento empresa, para a realización de proxectos formativos de corta duración que se desenvolvan por parte das entidades beneficiarias, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para as anualidades 2025-2026.	31 de marzo	11.07.2025
7.25	Proxecto de Orde pola que se aproban as bases reguladoras para promover a primeira experiencia profesional das persoas mozas menores de 30 anos mediante contratos formativos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.	16 de abril	20.05.25
8.25	Proxecto de Decreto polo que se regula a Certificación Galega de Excelencia en Igualdade e o Rexistro de empresas e entidades do terceiro sector recoñecidas coa Certificación Galega de Excelencia en Igualdade.	7 de maio	29.10.25



DITAME	DENOMINACIÓN	DATA EMISIÓN	DATA PUBLICACIÓN DOG
9.25	Proxecto de Decreto polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2026.	7 de maio	20.06.2025
10.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2025-2027 e se procede á primeira convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para o financiamento de accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C, para persoas traballadoras desempregadas, para o exercicio 2025.	4 de xuño	09.07.2025
11.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2025.	4 de xuño	17.07.2025
12.25	Proxecto de Orde pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus, Plan de Garantía Xuvenil Plus (GJ+) 2021-2027 de traballo digno para as persoas mozas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.	13 de xuño	22.08.2025
13.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.	13 de xuño	20.08.2025
14.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e se procede á convocatoria para o ano 2025 (código do procedemento TR352A).	23 de xuño	19.08.2025
15.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.	23 de xuño	25.08.2025

DITAME	DENOMINACIÓN	DATA EMISIÓN	DATA PUBLICACIÓN DOG
16.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B ou C, competencia deste departamento, ou de formación no traballo do Catálogo de Especialidades Formativas do Servicio Público de Emprego Estatal correspondentes aos exercicios 2025 e 2026.	11 de setembro	30.10.2025
17.25	Proxecto de Decreto polo que se regula o Marco Galego de Microcredenciais para o Traballo.	24 de setembro	27.01.2026
18.25	Anteprojecto da Lei de cooperativas de Galicia.	16 de outubro	
19.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026.	22 de outubro	25.11.2025
20.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2026-2029 e se procede á primeira convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para o financiamento de accións formativas con compromiso de contratación en unidades formativas das empresas para os anos 2026-2027.	22 de outubro	07.01.2026
21.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia "Bono consolida economía social" e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2026.	22 de outubro	29.01.2026
22.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, de sociedades laborais, de centros especiais de emprego e de empresas de inserción, e se convocan para o ano 2026.	30 de outubro	03.02.2026
23.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras en réxime de concorrencia competitiva das axudas destinadas a accións de fomento da prevención de riscos laborais e das axudas para a realización de actividades no ámbito de prevención de riscos laborais conforme a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e se procede á súa convocatoria na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio de 2026.	5 de novembro	13.01.2026




DITAME	DENOMINACIÓN	DATA EMISIÓN	DATA PUBLICACIÓN DOG
24.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrncia non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (programa Aprod-Economía Social) e se convocan para o ano 2026.	30 de outubro	18.02.2026
25.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrncia competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se convocan para os anos 2026 e 2027.	30 de outubro	03.02.2026
26.25	Proxecto de Orde pola que se regula o réxime de subvencións ás organizacións sindicais e se procede a súa convocatoria para o ano 2026 tramitada por anticipado de gasto.	30 de outubro	27.01.2026
27.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á creación e/ou funcionamento de Gabinetes Técnicos en materia de Igualdade laboral e de oportunidades e contra a fenda salarial para o ano 2026.	5 de novembro	23.01.2026
28.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación dirixidos á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social e a negociación colectiva e se procede á súa convocatoria na Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio 2026.	5 de novembro	15.01.2026
29.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de axudas para implantar a igualdade laboral, a conciliación e a responsabilidade social empresarial (RSE) e se procede á súa convocatoria para o ano 2026.	13 de novembro	18.02.2026
30.25	Proxecto de Orde pola que se establecen, para o período 2026-2029, as bases reguladoras polas que se rexerán as accións formativas do Plan de formación para o emprego (persoas traballadoras ocupadas) e se procede á primeira convocatoria de subvención en réxime de concorrncia non competitiva para o exercicio 2026-2027.	13 de novembro	23.01.2026
31.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026.	13 de novembro	05.02.2026

DITAME	DENOMINACIÓN	DATA EMISIÓN	DATA PUBLICACIÓN DOG
32.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a promoción e consolidación do emprego autónomo a través do Programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida e a formación de persoas asalariadas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.	13 de novembro	04.02.2026
33.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras do Plan Galicia emprega de incentivos á contratación na empresa ordinaria, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026.	13 de novembro	10.02.2026
34.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas galegas de persoas traballadoras autónomas e a contratación de persoal de apoio, e se convocan para o ano 2026.	13 de novembro	04.02.2026
35.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas, destinadas ao financiamento do “Programa investigo”, de contratación de persoas mozas demandantes de emprego na realización de iniciativas de investigación e innovación, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2026.	26 de novembro	10.02.2026
36.25	Proxecto de Orde pola que se modifica parcialmente a Orde do 8 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para o período 2025-2027 e se procede á primeira convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva para o financiamento de accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C, para persoas traballadoras desempregadas, para os anos 2025-2026 e se procede á súa segunda convocatoria para os exercicios 2026 e 2027.	10 de decembro	13.01.2026
37.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de axudas ás persoas traballadoras autónomas, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede a súa convocatoria para o ano 2025.	19 de decembro	04.02.2026
38.25	Proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2026.	19 de decembro	

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

20 25



FOMENTO E PROMOCIÓN DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA

ACTIVIDADE DA ÁREA DE
NEGOCIACIÓN COLECTIVA

PARTICIPACIÓN DO CGRL NA
NEGOCIACIÓN COLECTIVA

ÓRGANOS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

ACTIVIDADE DA ÁREA DE NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Conforme o mandato da lei reguladora, o CGRL centrou unha gran parte da súa actividade na análise dos convenios colectivos vixentes na nosa comunidade autónoma.

A área de negociación colectiva do organismo realizou, ao longo de todo o ano, un seguimento puntual dos convenios asinados e revisados en 2025 que tiveron efectos económicos nese ano. Ademais atendéronse solicitudes de información e múltiples consultas que, en materia de negociación colectiva, se dirixiron ao CGRL por correo electrónico ou telefonicamente.

No ano 2025 concluiu o labor de renovación da base de datos de convenios colectivos, en continua actualización, que incorpora no portal web do CGRL un [buscador de convenios colectivos galegos](#) (tanto autonómicos como provinciais), constituindo unha ferramenta de apoio para a análise, o seguimento e a difusión da negociación colectiva. Ademais, xunto co texto de cada convenio, está dispoñible unha ficha informativa que recolle o histórico dos convenios dese sector ou empresa así como doutras publicacións vencelladas, por exemplo, as revisións salariais ou os calendarios laborais.

Outros trámites e actividades do CGRL a prol da negociación colectiva

Ao longo do ano 2025, o CGRL vén de realizar 141 trámites en 99 expedientes no REGCON que afectan aos seguintes acordos:

Convenios colectivos	19
Táboas salariais / Revisións salarias	16
Calendarios laborais	6
Denuncia de convenio / Inicio de negociacións	7
Acordos de mediación	50
Laudos	0
Acordos parciais	6
Acordos comisión paritaria	1
Inaplicación de convenios	0
Modificacións	3
Outros acordos	3

Así mesmo, no CGRL recibíronse un total de 87 consultas por escrito, e unha media de cinco consultas telefónicas diarias en materia de convenios colectivos. As consultas recibidas abranguen todo tipo de cuestións relativas a convenios: encadramento dentro dun convenio, denuncias, uso da plataforma Regcon, identificación do código dun convenio, vixencia, data de publicación, situación da negociación colectiva, contido, etc.

Non tivo entrada ningunha solicitude de intervención da Comisión Tripartita de Inaplicación de Convenios Colectivos neste exercicio

PARTICIPACIÓN DO CGRL NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Mesas negociadoras e comisións paritarias

O artigo 3.2.c) da Lei 5/2008, do 12 de xullo, pola que se regula o CGRL, establece como funcións deste, entre outras, a de fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1º da Constitución e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial.

O CGRL, consciente da necesidade de impulsar a negociación colectiva, moi especialmente en sectores desregularizados ou convenios bloqueados durante un longo período, potenciou, asesorou, prestou asistencia técnica e asumiu funcións de conciliación e mediación en cantas comisións negociadoras o solicitaron. Por outra banda, coñecedor da operatividade das comisións paritarias en calquera das súas múltiples vertentes e manifestacións (negociais ou estritamente aplicativas), colaborou activamente exercendo un asesoramento proactivo no desenvolvemento da función máis relevante das ditas comisións: desbloquear os conflitos xurdidos a propósito da interpretación e aplicación dos convenios.



Sinatura do Convenio Colectivo de ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para salóns de peiteado de donas, cabaleiros, unisex e salóns de beleza.

Así, en 2025 contaron coa asistencia da presidenta do Consello, da secretaria e/ou do xefe do Servizo Xurídico e de Solución de Conflitos, un total de 36 xuntanzas das mesas negociadoras de convenios colectivos sectoriais, de ámbito autonómico e provincial, así como 15 xuntanzas de comisións paritarias que teñen a súa sede no CGRL. Todas elas detállanse no seguinte cadro.


XUNTANZAS DE COMISIÓNS NEGOCIADORAS, COMISIÓN PARITARIA E OUTRAS NAQUELES SECTORES QUE TEÑEN A SÚA SEDE NO CGRL (A 16/12/25)				
	Comisión negociadora	Comisión paritaria	Acordos de comisión negociadora	Acordos de comisión paritaria
Empresas e traballadores/as de transporte de enfermos/as e accidentados/as en ambulancia de Galicia	7	2		
Eventos, servizos e producións culturais de Galicia		1		Táboas salariais 2025
Pompas fúnebres de Galicia		2		Táboas salariais 2025
Hostalería A Coruña	7	3		Interpretación artigos do CC
Actores e actrices de teatro de Galicia		1		Táboas salariais 2025
Residencias privadas de persoas de idade de Galicia		2		Táboas salariais 2025
Centros especiais de emprego	3	4		Táboas salariais 2025 Protocolo LGTBI
Sector de axuda no fogar de Galicia	2			
Sector da dobraxe de Galicia	3			
Sector de empresas organizadoras do xogo do bingo	1			
Salóns de peiteado de donas, cabaleiros, unisex e salóns de beleza de Galicia	4		Sinatura de CC	
Salas de exhibición cinematográfica de Galicia	9		Sinatura de CC	
SUBTOTAL	36	15		
TOTAL XUNTANZAS	51			

Cómpre destacar que ao longo de 2025 remataron coa sinatura dun novo texto de convenio colectivo as actuacións de mesas negociadoras con sede no CGRL dos seguintes sectores:

- Salas de exhibición cinematográfica de Galicia.
- Salóns de peiteado de donas, cabaleiros, unisex e salóns de beleza de Galicia.

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

20 25



ÓRGANOS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

OBSERVATORIO GALEGO DA
NEGOCIACIÓN COLECTIVA

COMISIÓN CONSULTIVA AUTONÓMICA PARA
A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES
NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA (CCAINC)

COMISIÓN TRIPARTITA GALEGA PARA A
INAPLICACIÓN DE CONVENIOS COLECTIVOS



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

OBSERVATORIO GALEGO DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Para o cumprimento das funcións atribuídas ao organismo no punto c) do artigo 3º da súa lei reguladora, creouse dentro do organigrama do CGRL o Observatorio Galego da Negociación Colectiva, que se configura como un órgano de carácter colexiado.

Está integrado por seis membros, tres en representación das organizacións sindicais e tres en representación das organizacións empresariais que integran o Pleno do CGRL, ademais das persoas titulares da presidencia e da secretaría xeral, e poderá contar coa presenza de persoas expertas sen dereito a voto, así como cun asesor/a por cada organización sindical e tres pola parte empresarial.

As decisións adoptaranse por acordo da maioría absoluta das persoas que o integran con dereito a voto.

En 2025 o observatorio reuniuse en oito ocasións. Cómpre destacar a elaboración, no seu seo, dos seguintes documentos:

- [Recomendación para a negociación colectiva en 2025.](#)
- [Protocolo de desconexión dixital.](#)
- [Protocolo de actuación fronte a catástrofes e fenómenos metereolóxicos adversos.](#)
- [Cláusula de dereitos lingüísticos.](#)



Xuntanza do Observatorio Galego da Negociación Colectiva de data 1 de decembro de 2025

COMISIÓN CONSULTIVA AUTONÓMICA PARA A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA (CCAINC)

Foi creada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Actualmente, a súa regulación figura no Título III, capítulo VI (artigos 131 a 138) da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Esta norma define a CCAINC como un órgano de asesoramento, control e promoción da igualdade por razón de xénero na negociación colectiva galega, adscrito organicamente ao CGRL.


Entre as súas competencias está a de asesorar sobre a redacción e aplicación de cláusulas que promovan a igualdade ou removan discriminacións, a análise dos convenios para detectar cláusulas discriminatorias, a organización de actividades de formación en igualdade de xénero dirixidas a empresas e a organizacións empresariais e sindicais, así como a elaboración de recomendacións xerais sobre o nivel axeitado de representación equilibrada entre mulleres e homes.

Esta comisión consta dunha presidencia, que é ocupada por quen exerza a do CGRL, tres persoas en representación das organizacións sindicais máis representativas e tres persoas en representación das organizacións empresariais máis representativas.

As decisións adoptaranse por acordo da maioría absoluta das persoas que a integran con dereito a voto.

A CCAINC reuniuse en nove ocasións en 2025. Entre a súa actividade cabe destacar:

- Actualización da [Guía de Boas Prácticas para promover a igualdade na negociación colectiva](#).
- Actualización do [Protocolo para a prevención e actuación fronte ao acoso laboral, sexual, por razón de sexo e de xénero, orientación sexual, identidade de xénero, expresión de xénero e características sexuais](#).
- Elaboración da [Recomendación sobre diversidade sexual](#).
- Comparativa e análise dos Informes sobre os convenios colectivos dende unha perspectiva de xénero, rexistrados no ano 2024, remitidos pola Unidade Administrativa de Igualdade da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.





Xuntanza da CCAINC de data 19 de febreiro de 2025.

COMISIÓN TRIPARTITA GALEGA PARA A INAPLICACIÓN DE CONVENIOS COLECTIVOS

A Comisión Tripartita Galega para a Inaplicación de Convenios Colectivos creouse polo Decreto 101/2015, do 18 de xuño (DOG do 22 de xullo), no que tamén se regula a súa composición, funcións e funcionamento, en desenvolvemento do establecido no artigo 82.3 do Estatuto dos Traballadores.

A comisión é un órgano colexiado que está integrada por representantes da Administración pública autonómica e das organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas de Galicia.


Está adscrita á consellería competente en materia de traballo a través da dirección xeral con competencias en materia de convenios colectivos, quen achegará o apoio administrativo e material necesario.

Exerce as súas competencias con independencia e autonomía funcional propias e ten a súa sede no CGRL.

Durante o ano 2025 tivo lugar unha xuntanza da Comisión Tripartita Galega de Inaplicación de Convenios Colectivos, en cumprimento do mandato establecido no artigo 18 do seu decreto regulador respecto do nomeamento de árbitros/as.

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

20 25



SOLUCIÓN AUTÓNOMA DE CONFLICTOS: XESTIÓN DO AGA

QUE É O AGA?

PARA QUE SERVE O AGA?

QUE PROCEDEMENTOS SE OFRECEN?

POR QUE ACUDIR AO AGA?

ACTIVIDADE DO AGA EN 2025



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

QUE É O AGA?

O Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA) é un acordo estipulado ao abeiro do artigo 83.3 do Estatuto dos Traballadores, de eficacia xeral, asinado en 1992 polas organizacións sindicais e empresariais máis representativas na nosa comunidade autónoma (CIG, UGT-Galicia, SN de CCOO de Galicia e CEG). Foi o primeiro acordo asinado en Galicia e o terceiro acordo destas características asinado a nivel estatal.

En 2013, tras 20 anos de funcionamento cun balance moi positivo, os interlocutores sociais e empresariais consideraron oportuno adaptar o acordo ás reformas da lexislación laboral, respectando sempre o principio de voluntariedade que o caracteriza.

En data 28 de novembro de 2019 asinouse un novo acordo que, entre outras novidades, inclúe a xestión dos procedementos de solución de conflitos individuais de traballo, aínda que a súa implantación realizarase de xeito paulatino e gradual. Este novo AGA destaca nos seus contidos pola importancia que lle concede á igualdade entre mulleres e homes. Destaca tamén polos seus ámbitos, xa que é o primeiro acordo autónomo que regula e crea procedementos intraxudiciais de solución de conflitos a

través da mediación. O [texto do novo acordo](#) publicouse no DOG de data 12 de febreiro de 2020.

Tras máis de 30 anos en funcionamento, hoxe podemos dicir que o AGA forma parte da nosa realidade laboral e concíbese como un instrumento útil, un servizo de interese xeral e relevancia pública baseado nos principios de eficacia, gratuidade e celeridade e unha alternativa á vía xudicial, máis próxima e máis satisfactoria para as persoas traballadoras e para as empresas. É a ferramenta imprescindible para avanzar na modernización e mellora das relacións laborais en Galicia.

QUE É O AGA?

O Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA), é un acordo estipulado ao abeiro do artigo 83.3 do Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, de eficacia xeral, asinado en 1992 polas organizacións sindicais e empresariais máis representativas na nosa Comunidade Autónoma (CIG, S.N. de CCOO de Galicia, UGT Galicia e CEG).

Foi o primeiro acordo asinado en Galicia e o terceiro acordo destas características asinado a nivel estatal.

En data 28 de novembro de 2019 asinouse un novo acordo que, entre outras novidades, inclúe a xestión dos procedementos de solución de conflitos individuais de traballo, aínda que a súa implantación realizarase de xeito paulatino e gradual.

POR QUE ACUDIR AO AGA?

Os acordos asinados e os laudos arbitrais ditados ao abeiro do AGA teñen valor de convenio colectivo e forza executiva.

- As partes sempre son escoltas, garantíndose en todo momento principio de conciliación, o que se acredita no elevado grao de satisfacción dos usuarios do servizo.
- As persoas mediadoras e árbitros distínguense pola súa acreditada experiencia, profesionalidade e formación no ámbito das relacións laborais, desenvolvendo a súa actividade con absoluta imparcialidade.
- O servizo é totalmente gratuito para as partes.
- Os prazos de tramitación dos procedementos destacan pola súa brevidade.
- Os procedementos tramitados ao abeiro do AGA asadoran, dende os seus inicios, unha porcentaxe de acordos que ronda o 90%.

COMO ACUDIR O AGA?

Débese descargar e cumprimentar o formulario na seguinte ligazón:
<https://www.cgrl.gal/aga-2/modulo-de-solicitudes/>

Posteriormente achegarse o dito documento por correo electrónico a:
soluciondeconflitos.cgrl@xunta.gal





AGA

Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo

SERVIZO DE SOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Rúa do Arxal de Abaixo, 24
15781 Santiago de Compostela
Tef: 981 541 611 / 981 957 019
<https://www.cgrl.gal/>

CONSELLO GALEGO DE RELACIONES LABORAIS



PARA QUE SERVE O AGA?

O AGA posibilita a procura de solucións aos conflitos colectivos de traballo de interpretación e aplicación, así como de intereses, calquera que sexa o sector ou subsector de actividade sempre e cando o ámbito territorial no cal estes conflitos produzan os seus efectos non exceda o da Comunidade autónoma galega.

De xeito específico cómpre destacar os seguintes:

- Conflitos colectivos xurídicos sobre interpretación e aplicación dunha norma legal ou convencional ou práctica de empresa.
- Conflitos relacionados coa negociación colectiva.
- Procesos de negociación substitutorios de períodos de consulta previstos legalmente.
- Conflitos na determinación de servizos de seguridade e mantemento en caso de folga.
- Conflitos derivados de bloqueos ou discrepancias na negociación dos Plans de Igualdade.



PARA QUE SERVE O AGA?

O AGA posibilita a procura de solucións aos conflitos colectivos de traballo de interpretación e aplicación, así como de intereses, calquera que sexa o sector ou subsector de actividade sempre e cando o ámbito territorial no cal estes conflitos produzan os seus efectos non exceda o da comunidade autónoma galega.

De xeito específico cómpre destacar os seguintes:

- Conflitos colectivos xurídicos sobre interpretación e aplicación dunha norma legal ou convencional ou práctica de empresa.
- Conflitos relacionados coa negociación colectiva (discrepancias ou bloqueos na negociación ou revisión dun convenio ou nas comisións paritarias).
- Procesos de negociación substitutorios de períodos de consulta previstos legalmente.
- Conflitos na determinación de servizos de seguridade e mantemento en caso de folga.
- Conflitos derivados de bloqueos ou discrepancias na negociación dos plans de igualdade.

Coa entrada en vigor do novo texto do Acordo, xestionaranse ao abeiro do AGA os procedementos de solución extraxudicial de conflitos laborais individuais que se produzan no seu ámbito territorial e funcional, particularmente os seguintes:

- Conflitos que se refiran á materia de discriminación directa ou indirecta por mor de xénero, raza ou etnia, relixión ou conviccións, diversidade funcional, idade ou orientación sexual no ámbito do emprego e da ocupación.
- Conflitos relativos a situacións de acoso no ámbito laboral.
- Conflitos que afecten á conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- Conflitos referidos ás vacacións.
- Conflitos derivados da decisión empresarial de adoptar unha medida de mobilidade xeográfica ou de modificación das condicións de traballo que non teña carácter colectivo.
- As sancións impostas á persoa traballadora como resultado do exercicio da potestade disciplinaria recoñecida ás empresas, agás a de despedimento.
- En xeral, aqueloutros conflitos individuais nos que non é obrigado acudir á conciliación previa no SMAC.

QUE PROCEDEMENTOS SE OFRECEN?

- **Conciliación-mediación:** Procedemento no que as partes en conflito, de xeito voluntario, promoven unha negociación sobre a cuestión controvertida na procura dunha solución pactada, coa axuda e intervención dunha ou dúas persoas con funcións de mediación.
- **Arbitraje:** As partes en conflito acordan voluntariamente someter a cuestión obxecto de discrepancia á decisión dunha terceira persoa imparcial, que a resolverá mediante laudo arbitral.
- **Arbitraje obrigatoria en caso de determinación de servizos de seguridade e mantemento en caso de folga:** As partes, rematado un proceso de negociación ou mediación sen acadar acordo nesta materia, deben someter obrigatoriamente a discrepancia a unha persoa que determinará os servizos de mantemento e seguridade durante a folga mediante laudo arbitral.

POR QUE ACUDIR AO AGA?

- Os acordos acadados e os laudos arbitrais ditados ao abeiro do AGA teñen valor de convenio colectivo e forza executiva.
- As partes sempre son escoitadas, garantíndose en todo momento o principio de contradición, o que se acredita no elevado grao de satisfacción das persoas usuarias do servizo.
- As persoas mediadoras e árbitras distínguense pola súa acreditada experiencia, profesionalidade e formación no eido das relacións laborais, desenvolvendo a súa actividade con absoluta imparcialidade.
- O servizo é totalmente gratuíto para as partes.
- Os prazos de tramitación dos procedementos destacan pola súa brevidade.
- Os procedementos tramitados ao abeiro do AGA acadaron, dende os seus inicios, unha porcentaxe de acordos que ronda o 80%.



ACTIVIDADE DO AGA EN 2025

No ano 2025 tiveron entrada no Servizo Xurídico e de Solución de Conflitos do CGRL un total de 115 solicitudes, 114 de mediación e unha de arbitraje.

Nº DE EXPEDIENTES TRAMITADOS 2021 - 2025			
	TOTAL EXPTEs.	MEDIACIÓNS	ARBITRAXES
2021	108	103	5
2022	141	126	15
2023	164	160	4
2024	130	129	1
2025	115	114	1

Dos 115 expedientes mencionados, foron efectivamente tramitados 74 (permanecendo aínda en tramitación dous expedientes) e remataron con acordo 51, acadándose unha porcentaxe de acordos do 69%.

EXPTEs. EFECTIVAMENTE TRAMITADOS E REMATADOS		
Rematados con acordo	51	69%
Rematados sen acordo	23	31%
TOTAL	74	100%

Do total de 115 expedientes, oito foron promovidos en conflitos que afectaban a un sector de actividade e os restantes 107 no ámbito dunha empresa.

EXPTEs. PROMOVIDOS SEGUNDO O ÁMBITO DO CONFLITO							
EXPEDIENTES	Rematados con acordo	Rematados sen acordo	Outras formas de terminación	En tramitación	Total expdes. por ámbito do conflito		% acordos por ámbito do conflito*
SECTOR	6	1	1	0	8	7%	86%
EMPRESA	45	22	38	2	107	93%	67%
TOTAL	51	23	39	2	115	100%	

*Sobre expedientes efectivamente tramitados e rematados.

Atendendo ao tipo de conflito, destacan os 64 expedientes promovidos por discrepancias na interpretación e aplicación de normas, que supuxeron o 56% dos expedientes tramitados ao longo deste ano 2025.

EXPEDIENTES SEGUNDO O TIPO DE CONFLICTO							
	Rematados con acordo	Rematados sen acordo	Outras formas de terminación	En tramitación	Total exptes. por tipo de conflito		% acordos por tipo de conflito*
Negociación colectiva	19	3	11	1	34	29%	86%
Aplicación e interpretación de normas	22	16	25	1	64	56%	58%
Convocatoria de folga	10	2	3	0	15	13%	83%
Inaplicación de convenio	0	1	0	0	1	1%	—
Mediación intraxudicial	0	1	0	0	1	1%	—
TOTAL	51	23	39	2	115	100%	

*Sobre expedientes efectivamente tramitados e rematados.

Expedientes promovidos en 2025 segundo o ámbito territorial

EXPTES. PROMOVIDOS SEGUNDO O ÁMBITO TERRITORIAL							
Ámbito	Exptes. Promovidos	%	Con acordo	Sen acordo	Outras formas de terminación	En tramitación	% ACORDOS*
A Coruña	64	56%	25	12	25	2	56%
Lugo	5	4%	2	0	3	0	100%
Ourense	5	4%	2	1	2	0	67%
Pontevedra	38	33%	20	9	9	0	69%
CCAA	3	3%	2	1	0	0	67%
TOTAL	115	100%	51	23	39	2	

*Sobre expedientes efectivamente tramitados e rematados.

Expedientes promovidos en 2025 segundo o ámbito territorial e sector de actividade

EXPTES. TRAMITADOS SEGUNDO O ÁMBITO TERRITORIAL E SECTOR DE ACTIVIDADE					
Sector	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	CCAA
Industria	17	2	1	24	1
Servizos	46	3	4	13	1
Agricult., gand., silvic. e pesca	1	0	0	0	1
Construción	0	0	0	1	0
TOTAL	64	5	5	38	3

A data de peche desta memoria, dous expedientes promovidos en 2025 seguían en tramitación.

Ademais da xestión do AGA, nesta área funcional do CGRL desenvolvéronse as seguintes actividades ao longo do ano 2025:

- Organización dun encontro coas persoas mediadoras, para a posta en común das principais cuestións que afectan ás mediacións (Santiago de Compostela, 27 de marzo).
- Elaboración periódica de estatísticas relativas aos expedientes promovidos.
- Actualización semestral do [balance de actividade do AGA](#) no portal web do CGRL.
- Elaboración, no seo da Comisión Paritaria do AGA, da [Guía de boas prácticas na mediación ao abeiro do AGA](#).
- Organización da Xornada sobre “Mediación intraxudicial e transformación procesual: a Xurisdicción Social ante a LO 1/2025” (Santiago de Compostela, 12 de xuño).



Mediación intraxudicial e transformación procesual: a Xurisdicción Social ante a LO 1/2025

12 de xuño de 2025
Antigo Hospital de San Roque
Rúa San Roque, 2
Santiago de Compostela

- 10:15 Inauguración
- 10:30h- 11:30h Novidades da LO 1/2025: mediación intraxudicial
 - Luis Fernando de Castro Mejuto
Presidente da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
 - Pedro Rabanal Carballo
Xulgado do Social nº 4 de Ourense
 - Paula Méndez Rodríguez
Xulgado do Social nº 1 de Santiago de Compostela
- 11:30h - 12:00 PAUSA CAFÉ
- 12:00- 12:45 Experiencias de outros organismos autónomos na mediación intraxudicial:
 - María Concepción Gil Blanco
Xerente Secretaria Técnica do Servicio Aragonés de Mediación y Arbitraje
 - Alberto Pascual Sanz
Secretario Xeral do Tribunal Laboral de Navarra
- 12:45-13:30h: Mesa de axentes sociais
 - Confederación Intersindical Galega
 - UGT - Galicia
 - SN de CCOO de Galicia
 - Confederación de Empresarios de Galicia
- Cóctel de despedida



Comisión Paritaria do AGA

A disposición adicional cuarta do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo confía a interpretación, aplicación, adaptación e revisión deste acordo a unha comisión paritaria integrada por sete representantes das organizacións sindicais asinantes (CIG, UGT-Galicia e SN de CCOO de Galicia) en función da súa representatividade, e por un número igual de representantes da CEG, que estará presidida pola persoa que ocupe a presidencia do CGRL asumindo a secretaría da comisión unha persoa do propio organismo. Esta comisión adoptará os seus acordos polo voto favorable da maioría de cada unha das dúas representacións presentes.


No ano 2025, a Comisión Paritaria do AGA reuniuse en seis ocasións.



Xuntanza da Comisión Paritaria do AGA de data 11 de decembro de 2025.

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

20 25



A PROMOCIÓN DO DEBATE SOCIAL

XXI ENCONTRO GALEGO DE
RELACIÓNS LABORAIS

CURSOS, XORNADAS, SEMINARIOS E
OUTRAS ACTUACIÓNS FORMATIVAS

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS E ESTUDOS



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

No seu labor de promoción do debate social, o CGRL realiza todos os anos actividades de formación e divulgación de materias relacionadas co eido laboral.

De toda esta actividade infórmase de xeito sucinto a continuación.

XXI ENCONTRO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

Que é o Encontro Galego de Relacións Laborais

Trátase dun foro de posta en común de coñecemento e debate para o que, desde o CGRL, convocamos aos operadores protagonistas da actividade sociolaboral en Galicia, co obxectivo de establecer os principais criterios técnicos que poderán orientar ao organismo ao longo de 2026 en temas relativos aos novos desafíos da negociación colectiva. Dese xeito reforzaranse e actualizaranse as bases técnicas das distintas actuacións do CGRL nunha área de traballo de vital importancia.

Ademais de todo o anterior, permite crear un espazo de convivencia para os distintos operadores do sistema de relacións laborais de Galicia no que compartir experiencias e inquiredanzas, fortalecendo relacións interpersoais.

O CGRL agradece aos distintos colectivos sociais e profesionais que traballan no mundo das relacións laborais a súa colaboración e apoio, sen os cales este evento non sería posible.

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

XXI Encontro Galego de Relacións Laborais

Negociación colectiva e solución de conflitos: desafíos e boas prácticas

20 e 21 de novembro 2025

Pazo O Rial
Vilagarcía de Arousa

Xoves 20 de novembro

- 9:30 - 10:00 h. **Recepción de asistentes**
- 10:00 - 11:30 h. **Acto de inauguración**
Apertura do Encontro: Antía Sánchez Callejo, Presidenta do CGRL
Lección máxstral a cargo de Ricardo Bodas Martín
 - *Íngul do Consello Xeral do Poder Xudicial*
 - *Entrevista coo do Tribunal Superior*
- 12:00 - 14:00 h. **Constitución das mesas do XXI Encontro e inicio dos traballos**
Mesa I - Desafíos da negociación colectiva
Mesa II - Boas prácticas na mediación laboral ao abeiro do AGA
- 14:00 - 16:00 h. **Pausa para xantar**
- 16:30 - 18:00 h. **Desenvolvemento dos traballos nas mesas de debate**
- 18:30 - 19:30 h. **Continuación dos traballos nas mesas e aproximación á redacción das conclusións**

Venres 21 de novembro

- 10:00 - 11:30 h. **Remate de redacción das conclusións en cada mesa**
- 12:00 - 13:00 h. **Acto de Clausura**
 - **Lectura das conclusións:**
Antía Sánchez Callejo, Presidenta do CGRL
 - **Intervencións de:**
D.ª Amelía Pérez Álvarez - Secretaria Xeral do SN de CCOO de Galicia
D. Cristóbal Medeiros Fernández - Secretario Xeral de UGT - Galicia
D. Paulo Carril Vázquez - Secretario Xeral da CIG
D. Juan Manuel Vieses Baptista de Sousa - Presidente da CEG
 - **Peche do encontro a cargo de:**
D. José González Vázquez
Conseilleiro de Emprego, Comercio e Emigración
- 13:00 h. **Fotografía de grupo**
- 13:15 h. **Cóctel de despedida**

O encontro foi inaugurado pola presidenta e a secretaria do CGRL. A continuación, tivo lugar a lección maxistral do vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial e exmáxistrado do Tribunal Supremo, Ricardo Bodas Martín.



A continuación, segundo o acordado polo Pleno do CGRL, o Encontro organizouse en torno a dúas mesas de traballo:

Mesa I

Desafíos da negociación colectiva.

Esta mesa ten por obxectivo identificar e debater os elementos que contribúen a unha negociación colectiva máis construtiva, eficiente e adaptada aos retos actuais. Analizaranse os factores que favorecen ou dificultan o diálogo entre as partes, a redacción de cláusulas claras e aplicables, e a introdución de innovacións sen comprometer a súa eficacia. Tamén se abordará o equilibrio entre flexibilidade empresarial e garantías laborais, e abordarase a negociación como unha ferramenta nas extincións de contrato, así como o seu papel na incapacidade temporal.





Mesa II

Boas prácticas na mediación laboral
ao abeiro do AGA.

Nesta mesa analizaranse os elementos clave que fan que unha mediación no marco do AGA sexa eficaz e lexítima. O debate xirará arredor dos erros comúns a evitar, das condicións necesarias para garantir un equilibrio real entre as partes e das medidas que poden fomentar un maior uso e confianza na mediación tanto dentro das empresas como nos distintos sectores. Tamén se tratarán os momentos máis oportunos para optar pola mediación fronte a outras vías, así como propostas para mellorar a formación das persoas mediadoras. Finalmente, reflexionarase sobre como os avances tecnolóxicos poden influír na confidencialidade e



Clausuraron o Encontro a presidenta do CGRL Antía Sández Callejo, o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración José González Vázquez, o vicepresidente da CEG César Blanco Gómez, o secretario xeral da CIG Paulo Carril Vázquez, o secretario xeral de UGT-Galicia Cristóbal Medeiros Fernández e a secretaria xeral do SN de CCOO de Galicia Amelia Pérez Álvarez.



O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración pechou coa súa intervención o XXI Encontro Galego de Relacións Laborais.



Asistentes ao XXI Encontro Galego de Relacións Laborais



Conclusións do XXI Encontro Galego de Relacións Laborais

Mesa I. Desafíos da negociación colectiva

Consideración previa

As partes, conscientes da amplitude do obxecto de debate desta mesa de traballo, presentan as seguintes conclusións como síntese dos puntos nos que se acadou consenso.

Enriquecemento dos contidos a través de cláusulas innovadoras:

As organizacións sindicais e empresariais participantes coinciden en recoñecer que a incorporación de cláusulas innovadoras relacionadas coa transición dixital, ecolóxica e demográfica nos convenios colectivos constitúe un reto constante para a negociación colectiva.

A dificultade non radica na falta de sensibilidade nin na ausencia de vontade de avance, senón na necesidade de garantir que toda regulación pactada sexa eficaz e aplicable no conxunto das empresas e sectores aos que se dirixe.

Coa vontade de que este compromiso non quede nun mero enunciado, as organizacións aquí reunidas acordan promover unha negociación no seo do Consello Galego de Relacións Laborais. Esta negociación podería sentar as súas bases sobre:

- Identificar prácticas existentes e analízalas desde a perspectiva da viabilidade e eficacia.
- Redactar un catálogo de cláusulas modelo en materias relevantes (dixitalización, igualdade e diversidade, novas organizacións do traballo, flexibilidade empresarial, adaptacións horarias, sustentabilidade, incapacidade temporal, etc.) que servirán de repositorio para as mesas negociadoras.
- Diseñar un sistema de seguimento anual que permita avaliar o impacto destas cláusulas.

Estrutura da negociación colectiva

As partes presentes constatan que a actual dispersión da negociación colectiva, en ocasións excesivamente atomizada, dificulta a coherencia normativa, xera desigualdades innecesarias e limita a capacidade de ofrecer respostas homoxéneas ante retos comúns do tecido produtivo. Sectores que comparten características estruturais e organizativas poderían beneficiarse de marcos convencionais máis amplos, capaces de integrar actividades afíns baixo criterios de regulación máis coherentes e eficaces.

Renovación dos convenios colectivos

As organizacións sindicais e empresariais, no exercicio da súa autonomía colectiva e en cumprimento do principio de boa fe negocial, manifestan o seu compromiso de promover a actualización e renovación de todos aqueles convenios colectivos que se atopan actualmente en situación de ultraactividade e que carecen de vixencia expresa, co obxecto de evitar a prolongación de marcos normativos desaxustados e garantir a adecuación das condicións laborais ás necesidades produtivas e sociais vixentes.

Con este compromiso, as partes reafirman a súa disposición a fortalecer o sistema de negociación colectiva, reducir a permanencia de convenios obsoletos e contribuir á estabilidade das relacións laborais en Galicia, en beneficio do conxunto de empresas e persoas traballadoras.

A negociación colectiva e o seu papel nos despedimentos

Sen prexuízo do necesario carácter preferente das medidas de flexibilidade fronte ás extintivas das relacións laborais, as partes coinciden en que a negociación colectiva tamén pode ser de utilidade para mellorar a regulación en materia de despedimento.

Neste senso, cómpre superar a tradicional incidencia da negociación colectiva nos despedimentos limitada aos períodos de consultas dos expedientes de regulación de emprego. Por exemplo, cabería empregar a negociación colectiva para incrementar a seguridade xurídica definindo trámites, prazos e garantías da audiencia previa confirmada como requisito formal do despedimento disciplinario por sentenza da Sala do Social do Tribunal Supremo, en aplicación do artigo 7 do Convenio n.º 158 da Organización Internacional do Traballo.

A negociación colectiva e os procesos de incapacidade temporal

As partes concordan en que a negociación colectiva pode desempeñar un papel determinante na regulación e xestión da incapacidade temporal, complementando o marco normativo e a irrenunciable protección da saúde, mediante a achega de respostas adaptadas ás realidades sectoriais e organizativas. Así:

- A través da negociación colectiva pódense establecer protocolos de comunicación e coordinación que garantan a confidencialidade da información médica e que, ao mesmo tempo, faciliten unha xestión eficiente da ausencia.
- A negociación colectiva pode favorecer protocolos de reincorporación progresiva nos casos de IT de longa duración. A exploración de réximes de teletraballo excepcionais como ferramenta de axuda na transición posterior á finalización de baixas médicas prolongadas, o establecemento nos supostos propios de determinadas patoloxías como as vinculadas á perspectiva de xénero, enfermidades musculoesqueléticas crónicas, procesos oncolóxicos, entre outras, as fórmulas de adaptación dos horarios para a conciliación cos tratamentos médicos, protocolos de seguimento e acordos de retorno gradual á presencialidade que garantan en todo caso a prevención de riscos laborais e a igualdade de trato na promoción, retribución e formación, serán analizadas polo Observatorio da Negociación Colectiva do CGRL para tentar a súa incorporación aos procesos de negociación que o precisen.
- A negociación colectiva pode tamén abordar, desde unha perspectiva equilibrada, o papel dos complementos de asistencia ou presenza cando os convenios colectivos xa os recollan. O seu deseño e aplicación debe respectar os principios de igualdade, proporcionalidade e non discriminación, evitando que se converta nunha penalización indirecta da enfermidade ou dunha situación de incapacidade debidamente xustificada. Neste sentido, a negociación colectiva debe desempeñar un papel esencial ao definir con claridade o obxecto do plus, establecer fórmulas de proporcionalidade e/ou articular mecanismos de control e transparencia.

Formación

As persoas representantes de todas as organizacións participantes no XXI Encontro Galego de Relacións Laborais manifestan que o cumprimento efectivo dos obxectivos incluídos nestas conclusións atópase intimamente vencellado a un axeitado investimento en información previa e formación especializada e emprázase ao CGRL a continuar desenvolvendo a súa competencia de divulgación de coñecementos no ámbito xurídico laboral, particularmente entre os cadros dos axentes sociais.



Mesa II. Boas prácticas na mediación laboral ao abeiro do AGA

O AGA confirma a súa posición como unha das ferramentas máis útiles, eficaces e necesarias do panorama galego de negociación colectiva e mediación laboral. A súa utilización e aplicación contribúen de xeito directo á consolidación do diálogo social e á xestión de conflitos.

Ao mesmo tempo, este Encontro evidencia que a eficacia do AGA non exclúe a necesidade de reflexión crítica. Todos os operadores xurídicos implicados participantes neste evento, así como os axentes sociais, teñen a responsabilidade de analizar continuamente as vías de mellora, identificar posibles debilidades e propoñer actualizacións ou adaptacións que permitan que o AGA siga respondendo ás transformacións sociais, económicas e laborais do momento.

En definitiva, o valor do AGA reside tanto na súa utilidade xa demostrada, como na súa capacidade de evolucionar e de perfeccionar, a través do diálogo, os instrumentos de mediación e negociación colectiva en Galicia.

As partes presentan as seguintes conclusións como síntese dos puntos nos que acadaron consenso tras a análise desenvolvida ao longo das dúas sesións de traballo. As achegas aquí recollidas complementarán o documento da Guía de boas prácticas, que será finalizado e aprobado na vindeira xuntanza da Comisión Paritaria do AGA:

Novas tecnoloxías no seo das mediacións ao abeiro do AGA

As organizacións sindicais e empresariais aquí reunidas coinciden en que as mediacións ao abeiro do AGA requiren un espazo de interacción que dificilmente pode reproducirse a través de medios exclusivamente telemáticos. A natureza destes procesos, baseados na construción de confianza, na comunicación fluída e na lectura precisa dos matices verbais e non verbais, fai que a presencialidade sexa non só recomendable, senón esencial para garantir a súa eficacia.

A experiencia acumulada nos últimos anos amosa que as reunións telemáticas poden resultar útiles para labores internos ou de coordinación, pero non proporcionan as condicións idóneas para abordar procesos complexos de mediación ou negociación. As limitacións tecnolóxicas, a perda de espontaneidade, a menor capacidade para xerar empatía e a dificultade para manter un clima de confidencialidade e concentración reducen de maneira significativa a calidade do diálogo social.

En consecuencia, todas as persoas participantes neste Encontro expresan o seu compromiso coa presencialidade como principio xeral nas mediacións, sen prexuízo de que poidan empregarse medios telemáticos de apoio cando sexa necesario para tarefas de carácter instrumental ou preparatorio, mantendo en todo caso o principio de confidencialidade que rexe toda a mediación.

Conclusión sobre seguimento e revisión da Guía de boas prácticas

A Guía de boas prácticas elaborada polo Consello Galego de Relacións Laborais constitúe unha ferramenta fundamental, pero para garantir a súa eficacia e per-

tinencia, o Consello debe asumir un deber permanente de seguimento, supervi-sando a súa aplicación nos distintos ámbitos e convenios, identificando éxitos, dificultades e posibles desviacións que poidan ser trasladadas en xuntanzas periódicas coas persoas mediadoras e os axentes sociais asinantes do AGA.

Perspectiva de xénero

As partes comprométese a engadir a perspectiva de xénero nesta Guía introdu-cíndoa transversalmente, particularmente na composición das mesas de media-ción, procurando o debido equilibrio entre homes e mulleres.

Formación en mediación

A formación en mediación laboral é fundamental para fortalecer a negociación colectiva e garantir a xestión eficaz dos procesos. Para mellorar esta formación, cómpre combinar enfoques teóricos e prácticos, adaptados ás necesidades dos distintos axentes sociais.

En primeiro lugar, é recomendable desenvolver programas actualizados, que in-tegren normativa, técnicas de resolución de conflitos, negociación e habilidades comunicativas, así como módulos prácticos baseados en casos reais de media-ción.

Neste punto, as partes inciden na necesidade de reforzar a formación no uso das novas tecnoloxías como unha ferramenta axeitada e equilibrada nos procesos de mediación.

Cláusulas de submisión ao AGA nos convenios colectivos

Os axentes sociais concordan en que as cláusulas de submisión ao Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos (AGA) non deben de percibirse como un mero trámite previo á vía xudi-cial para pasar a constituír unha oportunidade de dialogar e negociar no marco dos mecanismos autónomos de solución de conflitos.

Reiteran, así, a necesidade de que estas cláusulas contribúan a fortalecer unha cultura de diálogo e negociación real reforzando o prestixio e a utilidade do AGA como instrumento esencial para a resolución eficaz dos conflitos laborais en Galicia.

Con esta finalidade, as partes encomendan ao Observatorio Galego da Negociación Colectiva a elaboración dunha cláusula tipo.

Información e divulgación

Os axentes sociais coinciden na necesidade de informar ás partes do proce-so de mediación das normas básicas do procedemento (número de asistentes, principios reitores, etc). A este fin, encomendan á Comisión Paritaria do AGA a elaboración dun documento informativo que se achegará xunto con cada convo-catoria de xuntanza de mediación.

Por último, as partes resaltan a necesidade de complementar a Guía de boas prácticas cun apartado que exemplifique as actitudes que non favorecen o pro-ceso de diálogo.

CURSOS, XORNADAS, SEMINARIOS E OUTRAS ACTUACIÓNS FORMATIVAS

Cursos

I Ciclo de cursos de formación específica en negociación colectiva baixo a modalidade de microcredenciais universitarias

O CGRL e a Universidade de Santiago de Compostela asinaron un convenio de colaboración para a realización do I Ciclo de cursos de formación específica en negociación colectiva, organizado baixo a modalidade de microcredenciais universitarias. Este ciclo desenvolveu tres cursos:

1. Microcredencial universitaria en habilidades negociais, cunha duración de 15 horas lectivas do 13 de maio ao 26 de xuño.
2. Microcredencial universitaria en proceso negociador de convenios colectivos, cunha duración de 15 horas lectivas do 10 de xuño ao 19 de xuño.
3. Microcredencial universitaria en contidos e cláusulas dos convenios colectivos, cunha duración de 20 horas do 17 de setembro ao 2 de outubro.



Acto de sinatura do convenio coa Universidade de Santiago de Compostela.

Curso de formación de negociación colectiva e individual no ámbito laboral

O CGRL e a Universidade de Vigo asinaron un ano máis un convenio de colaboración para a realización da VIII edición do Curso de negociación colectiva e individual no ámbito laboral. A duración foi de 80 horas lectivas do 17 de setembro ao 27 de novembro.

OBXECTIVOS: O curso permitiu ao alumnado estudar as técnicas e ferramentas clásicas de negociación, explorar o concepto de intelixencia emocional e a súa implicación na solución dos conflitos de calquera tipo, estudar estratexias basea-

das na comunicación verbal e non verbal, adquirir coñecementos sobre os máis controvertidos contidos da negociación colectiva e sobre o diálogo institucional en España e en Galicia.

DESTINATARIOS: Posto que o fin último é a formación de profesionais nas técnicas de negociación, as persoas destinatarias deste curso son os cadros sindicais e empresariais, así como as persoas que posúan a titulación universitaria de Grao ou Licenciatura en Dereito, Relacións Laborais e Recursos Humanos, Ciencias do Traballo, Ciencias Económicas e Empresariais e Administración e Dirección de Empresas ou Diplomatura en Relacións Laborais. Tamén poderá matricularse o alumnado da universidade.



Acto de sinatura do convenio coa Universidade de Vigo.

Curso de especialización en Dereito marítimo-pesqueiro do Traballo e da Seguridade Social.

O CGRL e a Universidade da Coruña asinaron un convenio de colaboración para a realización da III edición do Curso de especialización en Dereito marítimo-pesqueiro do Traballo e da Seguridade Social. A duración foi de 52 horas lectivas do 1 de abril ao 21 de maio.

OBXECTIVOS: O obxectivo que se pretende co desenvolvemento do curso é paliar o déficit de tratamento académico que se rexistraba nesta materia tanto no Sistema Universitario Galego como fóra del, con todo o que isto supón na formación de profesionais que se queiran dedicar ao asesoramento xurídico-laboral nun sector tan específico e distinto como é o das actividades marítimo-pesqueiras.

DESTINATARIOS: O curso diríxese aos cadros sindicais e empresariais, así como ao alumnado do Sistema Universitario Galego (sen prexuízo da presenza de alumnado procedente doutras universidades), e ás persoas profesionais que precisan coñecer (ou seguir coñecendo máis polo miúdo) o Dereito do Traballo e da Seguridade Social aquí aplicable.



Acto de sinatura do convenio coa Universidade da Coruña.

Xornadas

En 2025 realizáronse cinco xornadas sobre temas de actualidade:

- **O traballo informal en España: realidade, impacto e desafíos**, realizada en Ferrol o 9 de abril, en colaboración coa Facultade de Ciencias do Traballo de Ferrol.

ORGANIZA:
Consello Galego de Relacións Laborais
Facultade de Ciencias do Traballo de Ferrol

PERSONAS DESTINARIAS:
- Organizacións empresariais e sindicais
- Graduados/as Sociais e profesionais
- Alumnos/as da Facultade de Ciencias do Traballo
- Investigadores/as de Traballo e Seguridade Social
- Profesores/as e persoas interesadas

INSCRIPCIÓN:
Facilite por orde de solicitudes, desde o 23 de marzo ata o 9 de abril de 2025 a través do correo electrónico: formacion.ig@rllab.es

ASISTENCIA:
Accedeuse a asistencia a xornada

XORNADAS 2025
O TRABALLO INFORMAL EN ESPAÑA: REALIDADE, IMPACTO E DESAFÍOS

Facultade de Ciencias do Traballo de Ferrol
Salón de Actos Concepción Anxal
Rúa San Ramón, s/n, Campus Esteiro-Ferrol
Mercedes, 9 de abril de 2025

O TRABALLO INFORMAL EN ESPAÑA: REALIDADE, IMPACTO E DESAFÍOS

10:00 INAUGURACIÓN
Anaía Loureiro Calvo,
Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais
Asociación Líderes Arxente
Profesora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Facultade de Ciencias do Traballo da USC

10:15 MESA REDONDA
O DIRECTOR XENRAL MELLORANDO AS CONDICIÓN DE TRABALLO NAS PLAZAS/AS
Rafael Navarro Sainza
Membro do Xefe do Xefe do Traballo Superior de Xustiza de Galicia

O TRABALLO OU A IRREGULARIDADE NO TRABALLO
Jaime Fernández Traveso
Inspector de Traballo e Seguridade Social

11:15 MESA DE ADENTES SOCIAIS
O TRABALLO INFORMAL: UNHA REALIDADE
Interferencias representativas de CIS, USC-Galicia, SN de COO de Galicia e da LEO

12:15 PAUSA CAFÉ

12:45 CONFERENCIA
O TRABALLO INFORMAL EN ESPAÑA
Jaime Calvo Pereira
Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da UVigo

13:30 CLAUSURA E FIN DA XORNADA

Nesta xornada preténdese coñecer a realidade e o impacto do traballo informal, entendido como o traballo a parte do traballo formal e legal. E así, traballo que convida a un tratamento diferenciado, non só no ámbito do dereito do traballo, senón tamén no ámbito da acción social, da formación, da promoción profesional, etc.

A OIT na Recomendación sobre Protección Social, adaptada ao contexto español (2012), fai unha distinción de programas, mediante que se garante a Seguridade Social a un amplo número de persoas, incluíndo tanto aqueles que non están no emprego, así como aqueles que traballan en condicións precarias, irregulares e a tempo parcial para evitar a pobreza, a exclusión social e a inestabilidade económica.

Na actualidade o traballo informal segue sendo un desafío en termos sociais, non só en termos económicos e de desenvolvemento humano, senón tamén en termos ambientais, sociais, culturais, etc. afecta a persoas traballadoras, a economía, e a sociedade en xeral.

Segundo a OIT a economía informal representa entre un 10% e un 20% do PIB, que pode chegar que o traballo informal ten efectos en diferentes aspectos como:

1. Facilita escape desde un impacto negativo no funcionamento de servizos públicos sociais e no equilibrio do desenvolvemento humano que contribúe a garantir o desenvolvemento social e a sustentabilidade de longo prazo.
2. Contribúe a manter a pobreza e a desigualdade social, a precariedade e a presións de emprego que se comparan coa xornada e a presións de emprego que se comparan coa xornada.
3. Contribúe a manter a desigualdade social, sen especialmente a colectivos vulnerables.

DIRECCIÓN DA XORNADA
Anaía Loureiro Calvo (Presidenta do CIG)
Asociación Líderes Arxente (Profesora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da USC)

- **O emprego no medio rural galego**, realizada en Santiago de Compostela o 4 de xullo, en colaboración coa Facultade de Dereito da Coruña.

ORGANIZA:
Consello Galego de Relacións Laborais
Facultade de Dereito da Universidade da Coruña

PERSONAS DESTINARIAS:
- Organizacións empresariais e sindicais
- Graduados/as Sociais
- Alumnos/as da Facultade de Dereito
- Investigadores/as de Traballo e Seguridade Social
- Profesores/as e persoas interesadas

INSCRIPCIÓN:
Facilite por orde de solicitudes, desde o 23 de marzo ata o 9 de abril de 2025 a través do correo electrónico: formacion.ig@rllab.es

ASISTENCIA:
Accedeuse a asistencia a xornada

XORNADAS 2025
O EMPREGO NO MEDIO RURAL GALEGO

4 de xullo de 2025

Sala de Pleno do Consello Económico e Social
IV Aguillo de Abaixo, 26, 1º andar
Santiago de Compostela

O EMPREGO NO MEDIO RURAL GALEGO

9:15 INAUGURACIÓN
Anaía Loureiro Calvo,
Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais
José Manuel Carló Vilas,
Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da USC

10:30 A PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA E FORESTAL
María Vázquez Pajón
Profesora Titular de Economía Aplicada da USC
Mar Ríos Fra
Profesora Contratada Doutora de Economía Aplicada da USC

10:45 AS RELACIÓNS LABORAIS INDETERMINADAS E COLECTIVAS E A ACTUACIÓN DA IES NO MEDIO RURAL
José Manuel Carló Vilas,
Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da USC
Silvia Rodríguez Vilas
Subdirectora Laboral de Emprego e Seguridade Social

11:00 PAUSA CAFÉ

11:30 RETOS E AMAZAS NO MEDIO RURAL DESDE O PUNTO DE VISTA DO "INDICIALIZADO" AGRIARIO E AS ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS AGRARIAS
Unión Agraria (UA)
Sindicato Laboral Galego (SLG)
Federación Rural Galega (FRG-GA)
Asociación Agraria de Galicia (AAGG)

12:15 MESA DE ADENTES SOCIAIS NA MELIORA DAS CONDICIÓN DE TRABALLO NO MEDIO RURAL
Confederación Interprofesional Galega
Unión Social de Traballadores de Galicia
Sindicato Nacional de Comités Obreros de Galicia
Confederación de Empresarios de Galicia

13:30 CLAUSURA

Resumo da Xornada
Nas conclusións de IX Encontro Galego de Relacións Laborais, as partes presentes, comprometidas con que cada un dos grupos de traballadores, profesionais e investigadores que participan na xornada, traballando coa participación de representantes do Consello Galego de Relacións Laborais e dos grupos de traballadores e investigadores de Galicia, entre eles, o seguinte:

En consecuencia desde o Consello Galego de Relacións Laborais propoñese esta xornada, entendida como un foro de reflexión e debate sobre o emprego no medio rural galego. Con este fin, propoñese un enfoque multidisciplinar que permita coñecer as diferentes realidades e desafíos do sector, desde a perspectiva dos traballadores, profesionais e investigadores de Galicia e dos grupos de traballadores e investigadores de Galicia.

Agáctase, que esta xornada tena do vivo interese e utilidade, e convidámonos a participar activamente nos seus traballos e reflexións para avanzar concretamente na mellora das condicións sociais do medio rural galego.

DIRECCIÓN DA XORNADA
Anaía Loureiro Calvo (Presidenta do CIG)
José Manuel Carló Vilas (Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da USC)



Inauguración da Xornada sobre o emprego no medio rural galego.



Mesa de axentes sociais na Xornada sobre o emprego no medio rural galego.

- **Retos e ferramentas institucionais para a non discriminación por razón de xénero no traballo**, realizada en Ourense o 9 de outubro, en colaboración coa Facultade de Dereito de Ourense.

ORGANIZA:
Conselo Galego de Relacións Laborais
Facultade de Dereito de Ourense

PERSOAS DESTINARIARIAS:
Alumnos e personal docente e investigador do ámbito académico social
Profesionais do ámbito académico social
Axeiros sociais

INDICACIONES:
Formase por orde de solicitude, desde o 26 de setembro ata o 8 de outubro de 2023 a través do enderezo electrónico formacion.gal@ourense.gal

ASISTENCIA:
Acreditación e asistencia á xornada

XORNADAS 2025
RETOS E FERRAMENTAS INSTITUCIONAIS PARA A NON DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DE XÉNERO NO TRABALLO
9 de outubro de 2025

Salón de Graos
Facultade de Dereito de Ourense
Universidade de Vigo

RETOS E FERRAMENTAS INSTITUCIONAIS PARA A NON DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DE XÉNERO NO TRABALLO

9:30 INAUGURACIÓN
Alda Sánchez Calvez, Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais
Francisca Fernández Priol, Vicepresidenta da Facultade de Dereito de Ourense
Marta Fernández Prieto, Profesora Titular de Dereito do Traballo e de Seguridade Social, Universidade de Vigo
Moderadora: María Fernández Prieto

10:45 FERRAMENTAS DA INSPECCIÓN PARA DETECTAR E ORDEAR AS DISCRIMINACIÓNS ENTRE MULLERES E HOMES: DIFICULTADES E RETOS
Marta Fernández Prieto, Xefa de Inspección xeral de Dereito de Seguridade Social de Ourense
Moderadora: Francisca Fernández Priol

11:35 PAUSA - CAFÉ

11:45 A RIGURACIÓN DOS TRATAMENTOS DISCRIMINATORIOS ENTRE MULLERES E HOMES NO EDO DO EMPREGO: DIFICULTADES E RETOS
Xosé Ferrás, Xefe do Servizo de Inspección do Ministerio de Traballo e Seguridade Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
Moderadora: Jaime Cabezas Perreiro

12:30 MESA DE AXENTES SOCIAIS (CANCAN) E INTERVENCIÓN DA AUDIENCIA POR RAZÓN DE XÉNERO: EVOLUCIÓN, ESTRATEGIAS, DIFICULTADES E METAS
Intervencións representadas por CIC, UGT-Galicia, DN de CCOO de Galicia e de CIG
Moderadora: Cristina Fabra Varela, Xefera de Ourense do Consello Galego de Relacións Laborais

14:00 CLAUSURA

DIRECCIÓN DA XORNADA
Alda Sánchez Calvez, Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais
Marta Fernández Prieto, Profesora Titular de Dereito do Traballo e de Seguridade Social da Facultade de Dereito de Ourense, Universidade de Vigo

RESUMIDA DA XORNADA
A xornada pretende contribuir ao reto de acadar unha sociedade máis incluída e máis traballadora, con atención, entre outras, á Directiva (UE) 2023/290 e á Directiva (UE) 2024/1500, as dúas pendentes de transposición.
O obxectivo é analizar o papel que desempeñan algúns dos actores e institucións con competencias en materia de igualdade entre mulleres e homes para promover e garantir a igualdade real e efectiva no emprego e na inxerción, tamén en materia de verificacións, así como para fiscalizar e sancionar os incumpramentos normativos en esta materia.
Moitos dos actores se esforzaron a dificultades varias para as que se precisou algunhas solucións. Ao longo dos anos, falta de recursos económicos do humano e material, pero tamén falta de independencia e, en ocasións, mesmo falta de desenvolvemento das xais funcións, especialmente en resposta á asistencia efectiva do cidadán, que se pretende solucionar a Directiva (UE) 2024/1500, respecto das orixinais de igualdade.



Mesa de axentes sociais na Xornada sobre retos e ferramentas institucionais para a non discriminación por razón de xénero no traballo.

- **Traballo e fenómenos meteorolóxicos adversos**, realizada en Lugo o 28 de outubro, en colaboración coa Escola Universitaria de Relacións Laborais e Recursos Humanos de Lugo.

ORGANIZA:
Consello Galego de Relacións Laborais
Escola Universitaria de RRL de Lugo
Colexio de Graduados Sociais de Lugo

PERSONAS DESTINARIAS:
- Organizacións empresariais e sindicais
- Graduacións técnicas e empagadas
- Alumnado da Escola de Relacións Laborais
- Inspectores/as de Traballo e Seguridade Social
- Profesionais e persoas interesadas

INSCRIPCIÓN:
Espazo por orde de solicitude, desde o 17 ata o 27 de outubro de 2025 a través do enderezo electrónico formacion.ug@rrelta.gal

ACTIVIDADE:
Admisións e asistencia á xornada

XORNADAS 2025

TRABALLO E FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS

28 de outubro de 2025

Escola Universitaria de Relacións Laborais
Aula Filarmónica Lucarne s/n - Lugo

TRABALLO E FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS

9:45 INAUGURACIÓN
Antía Sánchez Callejo
Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais

10:45 DEREITO DO TRABALLO E MEDIO AMBIENTE
Paula Ventosa Bermúdez
Maximiliano Xosé de Salgado do Social núm. 3 de Santiago de Compostela

11:30 PÁUSA-CAFÉ

12:00 MESA DE AXENTES SOCIAIS
Intervención representantes de CIG, UGT-Galicia, SI de CCOO de Galicia e da CEG

12:45 AS ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN CIVIL ANTE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS
José Antonio Grandas Arias
Subdirector xeral de Facilitación e Protección Civil da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior

13:30 CLAUSURA

DIRECCIÓN DA XORNADA
Antía Sánchez Callejo, Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais
Merceles Montes Rodríguez, Directora da Escola Universitaria de Relacións Laborais de Lugo
Manuel Núñez Carreira, Presidente do Colexio Oficial de Graduados Sociais de Lugo

28 de novembro de 2025, o BOE publica a Real Decretivo 8/2025, que modifica o artigo 28 do Real Decreto 1561/2009, que regula o desenvolvemento do traballo a tempo parcial e a tempo parcial de noite, introducindo un permiso retribuído de dúas horas para traballadores matutinos. Esta medida pretende garantir a igualdade de oportunidades e a seguridade dos traballadores ante fenómenos meteorolóxicos adversos.

Admisión de modificación do artigo 37.1 do Real Decreto 1561/2009, que regula o desenvolvemento do traballo a tempo parcial e a tempo parcial de noite, introducindo un permiso retribuído de dúas horas para traballadores matutinos e un permiso retribuído de dúas horas para traballadores nocturnos.

A representación legal das persoas traballadoras conta, a partir do 28 de outubro, con un novo instrumento de acción de presión profesional no ámbito de actuación de accións de presión profesional en materia de actuación de accións de presión profesional e accións de presión profesional, así como un novo instrumento de acción de presión profesional que se dirixen ás empresas para garantir que as condicións de traballo son axeitadas e compatibles coa seguridade dos traballadores.

Tendo en conta a importancia de que se consensue accións de presión profesional que permitan garantir a seguridade dos traballadores e a seguridade das empresas, o Consello Galego de Relacións Laborais, o Consello de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de Lugo, o Consello de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de Pontevedra e o Consello de Colexios Oficiais de Graduados Sociais de Vigo, acordaron celebrar esta xornada de traballo para tratar de garantir que as condicións de traballo son axeitadas e compatibles coa seguridade dos traballadores.



Inauguración da Xornada sobre traballo e fenómenos meteorolóxicos adversos.

- **Novos retos xurídicos do tempo de traballo**, realizada en Vigo o 26 de novembro, en colaboración coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo.



Inauguración da Xornada sobre novos retos xurídicos do tempo de traballo.



Mesa de axentes sociais na Xornada sobre traballo e fenómenos metereolóxicos adversos.

Seminarios

En 2025 organizouse un seminario formativo para cadros sindicais e empresariais sobre “As medidas para a igualdade e non dicriminación das persoas LGTBI nas empresas”, realizado en Santiago de Compostela o 24 de marzo.



Inauguración do seminario sobre as medidas para a igualdade e non dicriminación das persoas LGTBI nas empresas.

Destas actividades damos unha información de carácter máis cuantitativo no cadro que figura a continuación:

CURSOS 2025			
	ASISTENTES		
	Homes	Mulleres	Total
III EDICIÓN CURSO ESPECIALIZACIÓN DEREITO MARÍTIMO PESQUEIRO DO TRABALLO E DA SS A Coruña, 1 abril - 21 maio 2025 Consello Galego de Relacións Laborais - UDC	10	18	28
CICLO CURSOS DE FORMACIÓN ESPECÍFICA EN NEGOCIACIÓN COLECTIVA Santiago de Compostela, maio - setembro 2025 Consello Galego de Relacións Laborais - USC			
Microcredencial universitaria en habilidades negociais	9	11	20
Microcredencial universitaria en proceso negociador de convenios colectivos	11	9	20
Microcredencial universitaria en contidos e cláusulas dos convenios colectivos	12	8	20
VIII EDICIÓN CURSO NEGOCIACIÓN COLECTIVA E INDIVIDUAL NO ÁMBITO LABORAL Vigo, 17 setembro - 27 novembro 2025 Consello Galego de Relacións Laborais - UVIGO	3	8	11

XORNADAS 2025			
	ASISTENTES		
	Homes	Mulleres	Total
O TRABALLO INFORMAL EN ESPAÑA: REALIDADE, IMPACTO E DESAFÍOS Ferrol, 9 de abril de 2025	21	24	45
O EMPREGO NO MEDIO RURAL GALEGO Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2025	3	7	10
RETOS E FERRAMENTAS INSTITUCIONAIS PARA A NON DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DE XÉNERO NO TRABALLO Ourense, 9 de outubro de 2025	34	46	80
TRABALLO E FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS Lugo, 28 de outubro de 2025	15	24	39
NOVOS RETOS XURÍDICOS DO TEMPO DE TRABALLO Vigo, 26 de novembro de 2025	48	110	158
TOTAL ASISTENTES	121	211	332
SEMINARIO 2025			
SEMINARIO para cadros sindicais e empresariais sobre AS MEDIDAS PARA A IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN DAS PERSOAS LGTBI NAS EMPRESAS Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2025	9	34	43

Colaboracións no eido da formación

Ademais das actuacións formativas propias do CGRL, o organismo colaborou na organización de cursos e xornadas doutras institucións:

- X Xornada de Dereito Social Europeo (organizada por USC, AEDTSS, ASNALA e AEDEUR) o 31 de xaneiro en Santiago de Compostela.



- Congreso “Xustiza Social: igualdade e equidade nas relacións laborais” (organizado polo Consello Galego de Graduados Sociais) o 7 de marzo en Santiago de Compostela.



- Xornada Técnica “Inestabilidade intra-contractual: ferramentas de flexibilidade no marco da contratación laboral típica” (organizada pola Sección Galega da AEDTSS) o 28 de marzo en Santiago de Compostela.



- Il Xornada Laboralista (organizada polo Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense) o 5 de xuño en Bergondo.



- Xornada “Novidades sobre a xubilación” (organizada pola Área de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo) o 2 de outubro en Vigo.
- Xornada “Formas de violencia de xénero: violencia económica” (organizada polo Consello da Cultura Galega) o 5 de novembro en Santiago de Compostela.



- XVIII Xornadas de Outono (organizada por Xustiza e Sociedade de Galicia) o 14 e 15 de novembro en Vigo.
- Xornada “Mediación no contexto empresarial” (organizada polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia) o 28 de novembro en Santiago de Compostela.

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS E ESTUDOS

Publicacións periódicas

Revista Galega de Dereito Social (2ª etapa)

A RGDS (2ª etapa) é unha publicación científica do CGRL, dirixida a difundir entre os colectivos docentes, investigadores e profesionais interesados no mundo laboral a actualidade legal, xurisprudencial e doutrinal na materia, con especial incidencia no marco galego de relacións laborais. Dende o seu lanzamento en 2016, a RGDS optou por un modelo de publicación en aberto coa máis alta calidade científica. Con esta elección, o CGRL posicionouse na actitude máis avanzada actualmente: a difusión xeral, gratuíta e universal do coñecemento xurídico xerado.

É a única publicación científica na materia dispoñible en internet en lingua galega. Os PDF da revista inclúen as dúas versións lingüísticas dos artigos, en galego e en castelán.

A dirección e a subdirección da RGDS están a cargo das persoas titulares da presidencia e da secretaría xeral do Consello. A selección dos autores e autoras realízase a secretaria da Revista, Yolanda Maneiro Vázquez, catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Santiago de Compostela, atendendo ás consideracións manifestadas polo Consello, particularmente na procura dun equilibrio de xénero na escolla.

No que concirne á súa difusión, a RGDS ocupa os primeiros postos entre as revistas máis citadas no ámbito especializado do Dereito de Traballo e da Seguridade Social. As máis de 50.000 visitas que tivo nos últimos anos son unha proba rotunda do seu éxito.

A RGDS atópase xa indexada nos seguintes catálogos:

- [DIALNET](#)
- [LATINDEX](#)
- [MIAR](#)
- [ERIH PLUS](#)


A indexación da RGDS en cada un destes catálogos supón, entre outras consideracións, a difusión do galego como lingua académica e profesional.

Actualmente, edítanse cada ano tres números ordinarios da Revista.

En 2025 publicáronse os números 23, 24 e 25, que saíron en maio, xullo e decembro, respectivamente. O contido destes números pode consultarse directamente na [páxina web da revista](#).



Informe sobre a situación sociolaboral de Galicia en 2024



Cumprindo co mandato previsto na súa lei reguladora, o CGRL dá conta anualmente da situación sociolaboral da nosa comunidade a través dun exhaustivo informe, que se vén publicando dende o ano 1992.

En 2025 editouse o [Informe da situación sociolaboral corespondente ao ano 2024](#).

Este Informe inclúe un capítulo dedicado á negociación colectiva en Galicia no ano 2024. Na primeira parte, analízanse polo miúdo os convenios colectivos asinados e revisados durante o dito ano en Galicia, centrándose na súa distribución segundo os ámbitos territorial, funcional, temporal e persoal así como nos datos que recollen respecto do incremento salarial e a xornada. A segunda parte do capítulo refírese aos convenios de ámbito superior ao da nosa comunidade autónoma que afectan a persoas traballadoras en Galicia. Esta información pode consultarse directamente no [capítulo 8 do informe](#).

No portal web do CGRL están dispoñibles, así mesmo, os [informes sobre a situación sociolaboral de Galicia](#) de anos anteriores.

Boletín de negociación colectiva

Dende 2009, primeiro ano de funcionamento do Observatorio Galego da Negociación Colectiva como órgano colexiado adscrito ao CGRL, o Servizo de Negociación Colectiva e Xestión de Convenios elabora un boletín que se publica con carácter trimestral e que analiza a conxuntura laboral e a evolución da negociación colectiva en Galicia: número de convenios colectivos existentes, os asinados e revisados, número de convenios asinados por primeira vez, incremento salarial pactado, xornada media pactada, convenios que conteñen cláusulas de revisión salarial e pactos de ultraactividade e máis datos de interese. Analiza tamén a negociación colectiva estatal con aplicación en Galicia.

Xunto ao estudo da evolución da negociación colectiva, o boletín contén tamén datos de interese sobre os principais indicadores económicos de Galicia.

En 2025 editáronse catro números do [Boletín de negociación colectiva](#).


Ademais, o Servizo de Negociación Colectiva e Xestión de Convenios publica diversos [informes sobre a situación da negociación colectiva en Galicia](#) ao longo do ano, nos que se recollen e analizan polo miúdo os aspectos imprescindibles para entender a situación da negociación colectiva na nosa comunidade.



MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

20 25





ACTIVIDADES DE REPRESENTACIÓN E DIFUSIÓN DO LABOR DO CGRL



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

Durante o ano 2025 o CGRL estivo representado nos seguintes actos:

- **Actos Conmemorativos día europeo da mediación (organizado polo CGPJ).**

Madrid. 28 de xaneiro.

- **IV Congreso Federal Hábitat CCOO Galicia.**

Teo. 24 de febreiro.



- **IV Congreso Federación Servizos CCOO Galicia.**

Guitiriz. 25 de febreiro.

- **Encontro Empresarial da CEG.**

Santiago de Compostela. 25 de febreiro.

- **XIV Congreso Nacional de UGT- Galicia.**

Santiago de Compostela. 26 e 27 de febreiro.





- **IV Congreso Internacional: «Solución Extraxudicial de Conflictos Laborais: Retos e Oportunidades» (organizado por SIMA e Universidade Complutense).**

Madrid. 28 de febreiro.

- **Congreso da Federación de Servizos UGT - Galicia.**

Santiago de Compostela. 5 de marzo.

- **Acto Premios 10 de marzo (organizado por CCOO).**

Santiago de Compostela. 8 de marzo.

- **Acto Premios 10 de marzo (organizado por CIG).**

Santiago de Compostela. 14 de marzo.

- **V Premios Valedora do Pobo aos mellores traballos de fin de grao (TFG) e traballos fin de máster (TFM) en materia de igualdade e dereitos das mulleres.**

A Coruña. 19 de marzo.

- **X Congreso da Unión Comarcal de Vigo-Baixo Miño (organizado por CCOO).**

Mondariz. 20 de marzo.

- **Congreso Unión Comarcal de Vigo (organizado por UGT).**

Vigo. 10 de abril.

- **Acto entrega Premios Joaquín Vidal Portabales (organizado pola Facultade de Relacións Laborais de Santiago).**

Santiago de Compostela. 25 de abril.

- **Acto de entrega de Premios Primeiro de Maio “Ao compromiso social e á solidariedade”(organizado pola Secretaria Xeral da Unión Comarcal de CCOO de Vigo).**

Vigo. 25 de abril.

- **XXV aniversario do funcionamento do sistema de solución autónoma de conflitos laborais de Castela e León.**

Valladolid. 6 de maio.

- **Comisión de Relacións Laborais da CEG.**

Santiago de Compostela. 6 de maio.

- **Xuntanza coa Comisión de Dereitos Lingüísticos.**

Santiago de Compostela. 7 de maio.

- **Acto de apertura do XII Congreso Nacional do SN de CCOO de Galicia.**

Santiago de Compostela. 15 de maio.

- **Acto de apertura do VI Congreso de UGT FICA Galicia.**

Santiago de Compostela. 19 de maio.

- **Acto de clausura do IX Congreso da CIG.**

Santiago de Compostela. 24 de maio.



- **Acto de clausura da Asamblea Xeral da CEG.**

Santiago de Compostela. 5 de xuño.





- **Acto de entrega das Medallas Castelao.**
Santiago de Compostela. 28 de xuño.
- **Presentación do Anuario 2025 do Foro Económico de Galicia.**
A Coruña. 17 de xullo.
- **Acto de entrega das Medallas de Galicia 2025.**
Santiago de Compostela. 24 de xullo.
- **Acto de ofrenda ao Apóstolo Santiago.**
Santiago de Compostela. 25 de xullo.
- **Apertura do Curso Académico 2025-2026 na Universidade de Santiago de Compostela.**
Santiago de Compostela. 4 de setembro.
- **Inauguración da xornada sobre “Novidades no ámbito laboral e orientacións para a negociación colectiva” (organizado pola CEG).**
Santiago de Compostela. 23 de setembro.
- **Presentación do Proxecto BENSEGURO dirixido a reducir a sinistralidade laboral no sector da construción (organizado pola Fundación Laboral da Construción).**
Santiago de Compostela. 1 de outubro.
- **V Foro Empresarial pola Igualdade (organizado pola CEP).**
Vigo. 2 de outubro.
- **Acto de investidura como Doutora Honoris Causa pola Universidade da Coruña de María Emilia Casas Baamonde.**
A Coruña. 3 de outubro.
- **Inauguración da xornada sobre “intelixencia artificial (IA) e o traballo en plataformas e outras novidades lexislativas e xurisprudenciais no ámbito laboral” (organizado pola CEG).**
Santiago de Compostela. 10 de outubro.
- **Acto de Homenaxe a Xesús Díaz Díaz (organizado polo SN de CCOO de Galicia e pola Fundación 10 de Marzo).**
Santiago de Compostela. 24 de outubro.

- **Entrega de premios da 2ª edición do Concurso de Proxectos cofinanciados con Fondos Europeos #EuropaXunta.**

Santiago de Compostela. 31 de outubro.



- **Visita do alumnado de Dereito Sindical da Facultade de Dereito da USC á sede do CGRL.**

Santiago de Compostela. 3 de novembro.



- **Xornada de Relacións Laborais (organizada por ASIME).**


Vigo. 26 de novembro.

- **Acto de sinatura do Protocolo de colaboración entre a Sala do Social da Audiencia Nacional e a Fundación SIMA.**

Madrid. 12 de decembro.

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

20 25





AS REDES SOCIAIS DO CGRL



<https://x.com/cgrri>

Na conta do CGRL en X difúndense, diariamente, as publicacións dos diferentes boletíns oficiais que teñen incidencia nas relacións laborais, como novidades lexislativas, convenios colectivos ou datos de interese no eido laboral, entre outros.

Tamén se difunden as actividades do organismo que poden resultar de interese, como a realización de xornadas formativas.



<https://www.linkedin.com/company/consello-galego-de-relaci%C3%B3ns-laborais/>


Na conta do CGRL en LinkedIn compártese a actividade máis destacada do organismo, as diferentes publicacións que se realizan ao longo do ano ou a participación en diferentes actos, xornadas e encontros de interese no eido das relacións laborais.

Tamén se dá difusión ás actuacións formativas que se organizan desde o CGRL ou aquelas en cuxa organización colabora.



Indicadores

Impresiones ▾




Orgánico

58.059

Indicadores

Reacciones ▾




Orgánico

1440

Indicadores

Miembros alcanzados ▾




✓ Orgánico

27.149

Indicadores

Veces compartido ▾




✓ Orgánico

18

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

20 25



ORZAMENTO DO CGRL



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS

DESCRICIÓN ORZAMENTO	2024	2025
Arrendamentos	7.000,00	7.000,00
Reparacións, mantemento e conservación	9.800,00	9.800,00
Material de oficina	8.000,00	8.000,00
Subministracións	14.433,00	14.433,00
Comunicacións	1.000,00	1.000,00
Gastos diversos	7.000,00	7.000,00
Reunións e conferencias	82.000,00	82.000,00
Limpeza e aseo	16.000,00	16.000,00
Seguridade	15.000,00	15.000,00
Estudos e traballos técnicos	46.000,00	46.000,00
Remuneracións a axentes mediadores	48.000,00	48.000,00
Publicacións	10.000,00	10.000,00
Indemnizacións por razón do servizo	7.000,00	7.000,00
Outras indemnizacións	216.000,00	216.000,00

Total gastos servizos exteriores	487.233,00	487.233,00
Transferencia a USC – Curso	18.000,00	18.000,00
Transferencia a UVigo – Curso	18.000,00	18.000,00
Transferencia a UdC – Curso	18.000,00	18.000,00
Total transferencias correntes	54.000,00	54.000,00

Orzamento de capital	126.000,00	126.000,00
Total orzamento de persoal	788.590,00	819.129,00

TOTAL ORZAMENTO	1.455.823,00	1.487.056,00
------------------------	---------------------	---------------------



CONSELLO GALEGO
DE RELACIÓNS LABORAIS